



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de maio de 2022 (1212/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de maio de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(356).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 12 de maio de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(357).- MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA CONCELEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta do o informe-proposta do 12/05/2022, asinado pola secretaria de Admón. Municipal, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021 e 10.03.2022 adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019.

S. ord. 19/05/2022

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación dos expedientes de contratación aconsellan delegar na concelleira delegación de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal as competencias en materia de consulta preliminar de mercado e incoación de expedientes de resolución dos contratos.

E por isto polo que procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021 e 10.03.2022 e engadir un apartado noveno e décimo resultando o seguinte “Primeiro punto **V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.**

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.



Concello de Vigo

9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.

Segundo .- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(358).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14701/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/05/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

- 1.- Contencioso. Expediente nº 14105/111
Sentenza nº 76 do 15 de marzo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 367/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do 2-7-2021 (e.p.). RPA, caída na vía pública o 11-8-2019 (en obras)

S. ord. 19/05/2022

Expte(s): 5993/243
Contía: 12.320,88 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e confirma o acto municipal recorrido (RPA e imputación á contratista), con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 13364/111

Sentenza nº 99 do 16 de marzo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 340/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 11-10-2020 (en reposición). Declaración de titularidade do camiño público de Breadouro, tramo na praia

Expte(s): 4554/244

Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, aprecia a caducidade do expediente (por non xustificar o carácter excepcional da ampliación do prazo o 10-3-2020), polo que estima o recurso e anula o acto.

O departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación ou ben iniciar, tramitar e resolver en tempo e forma un novo procedemento de investigación e recuperación (o que parece máis viable dado o pronunciamento monográfico e formal da sentenza de autos).

3.- Contencioso. Expediente nº 14466/111

Auto nº 29 do 18 de marzo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 41/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos nun vehículo por impacto de colector de R.S.U.

Expte(s): 6366/243

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (a concesionaria do servizo atendeu á reclamación).

O departamento de Patrimonio (e o de Limpeza) deben coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 14367/111

Decreto nº 13 do 21 de marzo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 410/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 22/10/2021 de responsabilidade patrimonial

Expte(s): 6530/243

Acepta a desistencia da UTE demandante.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 13701/111

Auto nº 31 do 24 de marzo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 194/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos nun vehículo na Avenida de Madrid (sumidoiro)

Expte(s): 6193/243



Concello de Vigo

Contía: 471,01 €

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (resolución expresa estimatoria).
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 12364/111

Sentenza nº 99 do 22 de marzo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Abreviado: 333/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 3 de xullo do 2019 (en alzada) do Conselleiro de Sanidade. Procedemento sancionador da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia (en materia de augas).

Contía: 24.200,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula as resolucións sancionadoras recorridas por infrinxir o trámite de audiencia (a demandada: Xunta de Galicia ditou a resolución sancionadora antes de rematar o prazo de alegacións, para así evitar a caducidade do procedemento), con custas taxadas de oficio.

Non entra no fondo do asunto.

Os departamentos de Medio Ambiente e Fomento (Augas) deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 14483/111

Decreto nº 15 do 1 de abril de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 43/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Revisión da cualificación do exercicio nun curso de cerámica

Expte(s): 1135/613

Acepta a desistencia da demandante.

O departamento de Educación (Escola Municipal de Artes e Oficios) e o Servizo de Normalización Lingüística deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 14452/111

Decreto nº 16 do 4 de abril de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 39/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos en vehículo.

Expte(s): 6439/243

Acepta a desistencia do demandante.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 14119/111

Sentenza nº 108 do 31 de marzo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 349/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 19-7-2021 (en reposición). Sanción de tráfico, estacionamento

Expte(s): 287892/280, 2020/66189

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14425/111
Auto nº 26 do 29 de marzo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 10/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. RPA
Expte(s): 6411/243
Contía: 923,87 €

Declara rematado o procedemento (por satisfacción extraprocesual pola concesionaria).
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 14370/111
Sentenza nº 73 do 29 de marzo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 6/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos nun vehículo por impacto de colector RSU.
Expte(s): 6453/243
Contía: 505,19 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto presunto desestimatorio impugnado e condena ao Concello ao pagamento de 505,19 euros máis xuros legais dende a data da reclamación administrativa (21-5-2021) e custas taxadas de oficio.

Ao se tratar de sentenza de pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal ten que executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA, e o de Limpeza, deben exercer a acción de regreso, considerando o razonado no FD 2º desta sentenza.

12.- Contencioso. Expediente nº 14369/111
Sentenza nº 74 do 29 de marzo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 4/2022
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta. RPA, caída da póla dunha árbore en Samil,
Expte(s): 6365/243
Contía: 722,98 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, e condena ao Concello (por non ter ditado resolución no procedemento), a indemnizar á aseguradora polo importe de 422,98 euros e ao particular coa cantidade de 300 euros, con xuros legais dende a data da reclamación administrativa (26-2-2021), e con custas taxadas de oficio.

Ao se tratar da sentenza de pagamento de cantidades determinadas, a Intervención Municipal debe executar o resolto.

Os departamentos de Patrimonio e Contratación, deben exercer a acción de regreso contra a concesionaria do servizo.

13.- Contencioso. Expediente nº 14342/111
Sentenza nº 76 do 31 de marzo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 402/2021



Concello de Vigo

Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta. RPA, caída dunha árbore sobre un vehículo.
Expte(s): 6443/243
Contía: 819,46 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula a desestimación presunta e condena ao Concello ao pagamento de 819,46 euros, máis xuros legais dende a data da reclamación (13-5-2021), e custas taxadas de oficio.

Ao se tratar da sentenza de pagamento de cantidade determinada, a Intervención Municipal debe executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA, debe coñecer o resolto e exercer a acción de regreso contra a contratista.

14.- Contencioso. Expediente nº 14368/111
Sentenza nº 77 do 7 de abril de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 2/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Sanción de tráfico, estacionamento.
Expte(s): 288229/280
Contía: 100,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción imposta, condenando ao Concello á devolución como ingreso indebido do importe da multa aboada o 21-12-2021 (cos xuros legalmente establecidos) e custas taxadas de oficio.

Ao se tratar de sentenza con condena de pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal ten que executala en tempo e forma.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 14584/111
Decreto nº 12 do 19 de abril de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 65/2022
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 3-5-2021. RPA, danos nun vehículo o 1-2-2021
Expte(s): 6435/243
Contía: 1.493,65 €

Acepta a desistencia da demandante.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 14129/111
Sentenza nº 87 do 21 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 390/2021 (Acumulado ao Abreviado: 355/2021)
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolucions do 27-9-2021 (Concello) e do 2-7-2021 (Subdelegación do Goberno). Sanción de tráfico e da L.O. 4/2015.
Expte(s): 288064/280
Contía: 1.100,10

Esta sentenza, firme, desestima os dous recursos, acumulados, con custas taxadas de oficio. Os departamentos de Seguridade e Tesourería-Recadación municipal, deben coñecer o resolto.

S. ord. 19/05/2022

B/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13525/111

Sentenza nº 1244 do 17 de marzo de 2022

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 3039/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación de fixeza e subsidiaria de indefinido. Oficial de Instalacións, Servizo de Deportes, contrato de interinidade do 18-5-2009

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, revoga a sentenza de instancia e declara ao demandante como "indefinido non fixo" dende o 18-5-2009.

O departamento de Persoal debe informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual casación para a unificación de doutrina (ou no caso contrario executar o xudicialmente resolto e proceder á obrigada regularización desta situación).

Procedemento de orixe:

PO 166/2020 Xulgado do Social nº 5 de Vigo, Sentenza nº 107 do 22-3-2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22-4-2021.

2.- Social. Expediente nº 13737/111

Sentenza nº 157 do 6 de abril de 2022

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Ordinario: 458/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Retribucións en I.T., Servizo de Deportes

Contía: 913,50 €

Esta sentenza, firme, estima a demanda e condena ao Concello ao pagamento de 913,50 euros cos xuros do art. 29.3. do E.T. (10 % anual).

O departamento de Persoal debe executar o resolto en tempo e forma (art. 287 da L.R.X. Soc.).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.



Concello de Vigo

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(359).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS-PLAN CONCERTADO 2022”. EXPTE. 234167/301.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

S. ord. 19/05/2022

5(360).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN, INTEGRACIÓN COS SISTEMAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN E SOPORTE TÉCNICO DUN SOFTWARE, EN MODALIDADE DE “SOFTWARE AS A SERVICE” (SAAS), PARA A XESTIÓN INTEGRAL DE PARQUES PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6610/213.

Visto o informe xurídico do 10/05/2022 e o informe de fiscalización do 11/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, a concelleira-delegada de Seguridade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 10 de xaneiro de 2022 a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade acordou iniciar o procedemento de contratación de servizo de software en modalidade SaaS para “ xestión integral de parques ” para a prestación do Servizo Contra Incendios.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 10 de xaneiro de 2022 e a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade de 10 de xaneiro de 2022.

Memoria económica do contrato de data 8 de marzo de 2022, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros, Concelleiro Orzamentos e Facenda e o conforme da concelleira- delegada de Empresa, Economía e Seguridade.

Certificado de crédito de data 9 de marzo de 2022.

Dilixencia do Servizo de Contratación de data 25 de xaneiro de 2022.



Concello de Vigo

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 19 de xaneiro de 2022 e correxido o 12 de abril de 2022, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e polo xefe do Servizo de Informática.

Memoria xustificativa do contrato de data 19 de xaneiro de 2022 e correxido o 12 de abril de 2022, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e polo xefe do Servizo de Informática e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade.

Informe da Técnica de Administración Xeral de Contratación de 12 de abril de 2022 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública e correxido en data 04 de maio de 2022, firmado pola Técnica de Administración Xeral de Contratación e pola xefa de Contratación.

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria de contratación de servizo de software en modalidade SaaS para “ xestión integral de parques “ para a prestación do Servizo Contra Incendios, asinado pola técnica de Administración Xeral de Contratación de data de 12 de abril de 2022 e correxido en data 04 de maio de 2022, firmado pola Técnica de Administración Xeral de Contratación e pola xefa de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada da Empresa, Economía e Seguridade mediante resolución de 29 de marzo de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto simplificado abreviado non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adjudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación de servizo de software en modalidade SaaS para “xestión integral de parques “ para a prestación do Servizo Contra Incendios. que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e o Xefe do Servizo de Informática en data 12 de abril de 2022.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral de Contratación en data 4 de maio de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 63.696,00 euros, do que 11.054,68 euros corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606410002 “ APLICACIONES INFORMÁTICAS XESTIÓN PARQUE” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(361).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE NOVACIÓN DA HIPOTECA SOBRE A CONCESIÓN DEMANIAL PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO APARCADOIRO E LOCAIS COMERCIAIS NO SUBSOLO DA PRAZA DE DON FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO DE VIGO. EXPTE. 6775/241.

Dáse conta do informe-proposta do 13/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).



Concello de Vigo

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei Hipotecaria, Texto Refundido aprobado por Decreto de 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Decreto de 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a adxudicación directa da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da praza de don Francisco Fernández del Riego de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexerá a adxudicación directa da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da praza de don Francisco Fernández del Riego de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 19 de maio de 2011, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a adxudicación directa da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da Praza de Don Francisco Fernández del Riego a PRAZADOURO, S.L.

Segundo.- En data 17 de xuño de 2011, a XGL adxudicou a PRAZADOURO a concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da Praza de Don Francisco Fernández del Riego. O contrato formalizouse en escritura pública o 4 de novembro do mesmo ano.

Terceira.- O 25 de novembro de 2011, a XGL acordou autorizar a PRAZADOURO para *"constituír sobre a concesión demanial outorgada un o máis préstamos hipotecarios por un importe máximo de 8.000.000 de euros para o financiamento das obras e actividades recollidas no proxecto de explotación incorporado ó acordo de*

outorgamento da concesión, así como a formalizar con Novagalicia Banco cuantos documentos fueran precisos en relación con los préstamos hipotecarios formalizados anteriormente”.

Cuarto.- O 29 de abril de 2022 D. Marcos Álvarez Rodríguez, en nome de CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L. e PRAZADOURO S.L. solicitou, mediante escrito rexistrado co número 220085172, informe aclaratorio sobre o acordo citado no antecedente anterior no senso de que autoriza a hipoteca non so co extinto Novagalicia Banco senón con calesquera entidades financeiras.

Quinto.- En data 10 de maio D. Marcos Álvarez Rodríguez, en nome de CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L. e PRAZADOURO S.L. presenta novo escrito solicitando autorización para a novación da hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada polo Concello de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da Praza de Don Francisco Fernández del Riego é unha concesión administrativa de dominio público.

Son bens de dominio público aqueles da titularidade dunha administración pública destinados ao uso ou servizo público. Estes bens están sometidos a un réxime xurídico específico e exorbitante dirixido a súa conservación e protección, así como a garantir o seu uso público.

O uso privativo dos bens de dominio público, sempre que implique a súa ocupación con obras ou instalacións fixas, como no presente caso, deberá estar amparado por a correspondente concesión administrativa (artigo 86.3 LPAP). Polo tanto, a concesión demanial é o título habilitante para o aproveitamento privativo dun ben o dereito de dominio público.

A presente concesión rexese polas seguintes normas:

- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a adxudicación directa da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da praza de don Francisco Fernández del Riego de Vigo (PCAP)



-II-

Da hipoteca da concesión demanial

A titularidade dunha concesión administrativa outorga ao concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional (artigo 97 da LPAP).

A lexislación patrimonial (artigo 98 LPAP) permite a hipoteca deste dereito real con suxeición aos seguintes requisitos:

1. Só poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión para financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.
2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.
3. As hipotecas extinguíranse coa extinción do prazo da concesión.

Nesta liña, o prego que rexe a presente concesión regula a hipoteca na súa cláusula XI nos seguintes termos:

“O titular da concesión dispón dun dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúese para o exercicio da actividade autorizada polo título da concesión. Este título outorga ao seu titular, durante o prazo de validez da concesión e dentro dos límites establecidos na LPAP, os dereitos e obrigas do propietario.

Neste caso, a anulación da concesión outorgada a PRAZADOURO, S.L., o 29 de maio de 1998 obriga á novación da hipoteca constituída sobre a mesma como garantía dos préstamos outorgados para financiar a realización das obras e instalacións situadas no espazo comprendido dentro do ámbito da concesión.

Por este motivo, PRAZADOURO, S.L. poderá constituír novas hipotecas sobre as obras e instalacións obxecto de concesión que están realizadas, para atender as obrigas económicas derivadas da súa realización ao abeiro da concesión anulada, sendo preciso para iso a obtención de autorización previa do órgano competente para o outorgamento da concesión.

Ademais, tamén poderá constituír novas hipotecas, ou ampliar as constituídas sobre os bens obxecto da concesión, para atender todas aquelas obrigas relacionadas coas obras de renovación, remodelación e/ou modernización das instalacións, así como as relacionadas coas obras de ampliación.

En todo caso, as hipotecas extinguíranse nun prazo de cinco anos ao da extinción da concesión”.

En base ao anterior, a XGL, acordou, en sesión de 25 de novembro de 2011, autorizar a constitución dunha hipoteca sobre a concesión demanial por un importe máximo de 8.000.000. O concesionario, en primeira instancia solicitou un informe aclaratorio sobre o mesmo no senso de que autoriza a hipoteca non so co extinto Novagalicia Banco senón con calquera entidade financeira. No entanto, presentou posteriormente

presentou un novo escrito aclaratorio solicitando autorización para a novación da hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada polo Concello de Vigo.

Efectivamente, manifiesta que *“En la actualidad CENTRO COMERCIAL PLAZA ELIPTICA S.L. con la garantía la concesión demanial tiene constituida sobre la misma el préstamo hipotecario número 807536211258 con el Banco de Sabadell cuyo saldo pendiente al día de hoy es de 1.045.137,63 €. Por otra parte para paliar en parte las consecuencias derivadas de la pandemia que por el Covid todavía estamos sufriendo, en su momento se solicitó y se obtuvo de la misma entidad bancaria el préstamo ICO número 8976886457-94 por un importe de 225.000 €, el cual fue dispuesto en su integridad y sus amortizaciones se iniciarán en los próximos días. V.- Como las consecuencias derivadas de la pandemia no han desaparecido, es voluntad de esta concesionaria facilitar la devolución del préstamo ICO, mediante la ampliación de la actual hipoteca, por lo que se dispondrá de un mayor plazo para su devolución, lo que resultará mucho menos gravoso para la gestión del Centro Comercial”*. Por ilo solicita que se autorice a *“novación para ampliación del importe de la hipoteca que actualmente grava la concesión hasta la cantidad de 1.3150.000,00 €”*.

Á vista da normativa citada, non existe inconvinte en autorizar a novación da hipoteca solicitada por CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L., e PRAZADOURO, S.L., condicionada á formalización do contrato e ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O dereito real de concesión administrativa só poderá ser hipotecado como garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato.
- A hipoteca deberá cancelarse cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“Autorizar a novación da hipoteca sobre a concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da praza de don Francisco Fernández del Riego de Vigo solicitada por D. Marcos Álvarez Rodríguez, en data 10 de maio de 2022, en nome e representación de CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L. e PRAZADOURO S.L, mediante escrito rexistrado



Concello de Vigo

co número 220092222, condicionada á formalización do contrato e ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- *O dereito real de concesión administrativa só poderá ser hipotecado como garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato.*
- *A hipoteca deberá cancelarse cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión.*
- *Unha vez formalizada a hipoteca en escritura pública, deberá achegarse copia da mesma no Rexistro Xeral deste Concello.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(362).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SANTA MARTA-CASCO VELLO. EXPTE. 25581/332.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/2022, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 12/05/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 27/12/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 21/02/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.194.900,40 euros (149.362,55€ na anualidade de 2022; 298.725,10€ nas anualidades de 2023, 2024 e 2025; e 149.362,55€ na anualidade de 2026), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.06 (“EIM Santa Marta-Casco Vello”), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de maio de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	95,50
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,00
3	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	66,88
4	CARACOLANDIA, S.L.	58,53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 5 de maio de 2022, que presenta a documentación requirida o 6 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de maio de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 e 25 de abril de 2022 e 28 de abril de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332) coas seguintes condicións:

S. ord. 19/05/2022

- a) *O prezo máximo do contrato é de 1.194.900,40 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3.G das FEC do PCAP.*
- b) *Propón un incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar(Equipo de atención temperá -EAT-) de 10 horas/semana.*
- c) *Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5.000,54 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(363).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DA CASA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6753/241.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo (PCAP)



Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 25 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo.

Segundo.- O 9 de xullo de 2019 o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos (por delegación da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019) adoptou a seguinte resolución:

1. *“Excluír deste procedemento a GENERAL ELEVADORES XXI, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais de conformidade co informe emitido pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 27 de xuño de 2019*
2. *Adxudicar a KONE ELEVADORES, S.A., o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo, por un prezo total de 8.743,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.517,44 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 5 de setembro de 2019 por un prazo de 2 anos, iniciándose a prestación o 1 de outubro. Contempláronse 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- Mediante resolución de data 21 de setembro de 2021 o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos acordou aprobar unha prórroga dun ano de duración polo período comprendido entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.

Quinto.- O 31 de marzo de 2022 a enxeñeira industrial responsable do contrato e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da necesidade de incorporar o mantemento integral do ascensor (RAE_0002680) na Casa do Concello.

Sexto.- Con data do 8 de abril de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 11 de abril de 2022.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, non formulou alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites



Concello de Vigo

cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato para “o incremento ou diminución do número ascensores a manter” (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar “o incremento ou diminución das labores mantemento” e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adjudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de incluír, na relación de ascensores a manter, o ascensor (RAE_0002680). Informan ao respecto a enxeñeira industrial responsable do contrato e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, en data 31 de marzo de 2022 o seguinte:

“1.- Con data 31 de outubro de 2017 asínase o contrato da Renovación dun ascensor (RAE_0002680) no edificio Consistorial entre o Concello de Vigo e a empresa Schindler, S.A. adjudicataria desta obra (Expte. 3994-440) , na que se expón as condicións ofertadas pola citada empresa:

1- O prezo do contrato é de 72.358,00 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.558,00 €.

2- Propón un prazo de garantía e mantemento de 18 meses enteiros mais respecto do mínimo de 24 meses.

...

Con data 10 de decembro de 2018 asínase a acta de recepción desta obra, polo que foi recibida polo Concello de Vigo, comenzando a partir desta data o prazo de garantía e mantemento, este prazo rematará o próximo 10 de xuño de 2022, e polo tanto o mantemento por parte da empresa Schindler, S.A. do ascensor citado.

2.- Por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 09/07/2019 (competencia delegada pola Xunta de Goberno Local en virtude do acordo de data 20/06/2019), adjudicouse a KONE ELEVADORES, S.A. (CIF A28791069) o contrato do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO (31-441) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada e por un prezo total de OITO MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (8.743,36 €). Dentro deste contrato non se atopa incluído o ascensor (RAE_0002680).

O contrato formalizouse en documento administrativo en data 05/09/2019, consta na Cláusula Cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 01/10/2019.

Mediante Resolución de data 21 de setembro de 2021 o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos acorda aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de mantemento integral dos ascensores da casa consistorial do Concello de Vigo (31-441), formalizado coa entidade mercantil KONE ELEVADORES, S.A. polo período comprendido dende o 01/10/2021 ata o 30/09/2022.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de mantemento integral dos elementos dos ascensores da casa consistorial do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 25 de abril de 2019, establece expresamente na Cláusula 34 que o contrato poderá ser obxecto de modificación se así se ten especificado no apartado 13 das FEC.

O referido apartado 13 das FEC establece nos aspectos a modificar o incremento de número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais. As circunstancias que determinan a modificación no apartado C inclúe o aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter.

Tendo en conta a necesidade de incluír o mantemento deste ascensor (RAE_0002680) considérase conveniente, pola técnica que subscribe, a modificación do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO (31-441) co obxecto de incluír o ascensor ata agora incluído no expediente 3994-440.

Considerando que os prezos contemplados no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, e a oferta presentada pola empresa adxudicataria e que o período da modificación comprenderá ata a data fin da primeira prórroga aprobada do contrato, estimada para o 30 de setembro de 2022, valórase a modificación, con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.99.00, en:

- *Ano 2022- período comprendido entre o 11 de xuño de 2022 e 30 de setembro de 2022: 431,42 euros (IVE engadido). Importe calculado tomando como prezo unitario o importe sinalado no PPTP de 187€/mes IVE non engadido, e aplicando a baixa ofertada polo contratista (48%)”.*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- *Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, obedece ao incremento das labores mantemento pola inclusión na relación de ascensores a manter do ascensor (RAE_0002680) na Casa do Concello.*
- *Supón un incremento do prezo do contrato de 431,42 euros, que equivale a un 4,93% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación que é do 20% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.*

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.



-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos aparatos elevadores, o seu mantemento en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base á competencia propia prevista no artigo 25.2.d da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local "Infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizos é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do informe do servizo xestor, a modificación ascende a 431,42 euros no exercicio 2022, que se imputará á aplicación orzamentaria 9200.227.99.00.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 159.6 da LCSP ("*poderá efectuarse mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adjudicación*") e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de

contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como o contrato se tramitou por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, non se esixiu o depósito de garantía definitiva (artigo 159.6f da LCSP), polo que non procede tal reaxuste.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-



Concello de Vigo

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo (expte. 31-441), nos termos sinalados neste informe. Esta modificación consistirá na inclusión do ascensor (RAE_0002680) na relación de ascensores a manter desde o 11 de xuño de 2022.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 431,42 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 9200.227.99.00. Esta modificación representa un 4,93% do prezo do contrato.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(364).-PROPOSTA DE REEQUILIBRIO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS. EXPTE. 6462/241.

Dáse conta do informe-proposta do 13/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

S. ord. 19/05/2022

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 18 de marzo de 2020, do sétimo paquete de medidas COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 28 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación da concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210), autorizar o gasto e iniciar a licitación.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2017, acordou adxudicar a DORNIER, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210), por un prazo de dez anos.

Dito contrato formalizouse en data 31 de maio de 2018 e comezou a súa execución o día seguinte.

Terceiro.- Mediante Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia



Concello de Vigo

(PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- En data 18 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que insta á área de goberno de Seguridade a que comunique a imposibilidade da execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210), á empresa prestadora do servizo, aos efectos do establecido no Real Decreto-Lei 8/2020, artigo 34.4º. Dita resolución terá efectos a partires da súa data e ata o 29 de marzo, sen prexuízo da súa ampliación si así o requiren as circunstancias, conforme á declaración do estado de alarma.

Sétimo.- En data 24 de marzo de 2020, Carlos Alberto Baña Neira en nome e representación de DORNIER S.A.U., presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude (doc 200044450) de declaración de imposibilidade de execución dos contratos de como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19.

Oitavo.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Noveno.- En data 9 de abril de 2020, a XGL acordou:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210) formalizado con DORNIER, S.A como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 16 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Décimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28 de maio de 2020, acordou a reanudación da execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros o luns 1 de xuño de 2020.

Undécimo.- En data 8 de xullo de 2020, D. Julián José de Unamuno Moreno, actuando mancomunadamente con D. Luis Blanco Santiago, en nome e representación de DORNIER, S.A.U, presentan escrito no Rexistro Xeral deste Concello (nº documento 200121747) solicitando a adopción das medidas previstas no artigo 34.4 del RDL 8/2020, para restablecer o equilibrio económico-financeiro do contrato administrativo. Axunta documentación acreditativa da perda de ingresos durante a suspensión do contrato.

Duodécimo.- En data 20 de agosto de 2020 o xefe de área de Seguridade, responsable do contrato, solicítalle determinada documentación acreditativa dos feitos alegados na citada solicitud.

Décimo terceiro.- En data 16 de febreiro de 2021 DORNIER, S.A.U, presenta nova documentación acreditativa perda de ingresos durante a suspensión do contrato.

Décimo cuarto.- En data 16 de xuño de 2021 D. Luciano Daniel Verdi, en nome e representación de DORNIER, S.A.U, presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello (nº documento 210106171) reiterando a súa solicitud de adopción das medidas previstas no artigo 34.4 del RDL 8/2020, para restablecer o equilibrio económico-financeiro do contrato administrativo.

Décimo quinto.- DORNIER, en data 2 de novembro de 2021, interpón recurso contencioso-administrativo contra a desestimación presunta por silencio administrativo da solicitud de compensación polos danos e prexuízos soportados durante a suspensión do contrato do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante expendedores de tickets con motivo da COVID 19, de conformidade co artigo 220 do TRLCSP, e subsidiariamente, o restablecemento do equilibrio económico financeiro do contrato de conformidade co artigo 34.4 do RD-Lei 8/2020. Este recurso está tramitándose como procedemento ordinario nº 337/2021 perante o xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.

Décimo sexto.- En data 29 de abril de 2022, o xefe da área de Seguridade, emite informe sobre o reequilibrio da citada concesión.

Décimo sétimo.- En data 29 de abril déuselle traslado ao concesionario da presente proposta, asinada na mesma data pola xefa do servizo de Contratación co conforme da Concelleira delegada de Contratación, concedéndolle trámite de audiencia.

Décimo oitavo.- En data 12 de maio, D. Luciano Daniel Verdi Bianchi, en nome e representación de DORNIER, S.A., durante o prazo do trámite de audiencia, manifesta a súa conformidade coa proposta de reequilibrio, tanto con relación a cantidade como na forma de restablecemento do mesmo se ben solicita que se teña en conta o custe financeiro das mesmas dende o ano 2020 ata que se produza o abono completo das mesmas:

“Dado que el importe reconocido no va a ser abonado en el momento actual sino a lo largo del plazo que resta de la vida del contrato -ya sea mediante el pago del excedente de las liquidaciones anuales o en la liquidación final del mismo-, deberá incluirse en cada una de las liquidaciones anuales y en la liquidación final del contrato, el coste financiero de las cantidades que se



Concello de Vigo

abonen en concepto de reequilibrio, considerando dicho coste desde el año 2020 hasta el año en que se produzca el completo abono de las cantidades aprobadas. En este sentido, para el cálculo del coste financiero, deberá aplicarse a la cantidad abonada en concepto de reequilibrio por Covid-19 en cada una de las liquidaciones anuales, así como en la liquidación final del Contrato Administrativo, el interés legal del dinero”.

Décimo noveno.- En data 12 de maio o responsable do contrato manifesta a súa conformidade a que se inclúan os gastos financeiros da cantidade aboada en concepto de reequilibrio ata o seu total aboamento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato de concesión de servizo público dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo de 21 de decembro de 2017 a DORNIER, S.A. Dito contrato formalizouse en data 31 de maio de 2018.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación a aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

-II-

Recoñecemento do dereito o reequilibrio da concesión por mor da suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus Covid-19

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública.

S. ord. 19/05/2022

Este, no seu apartado 4, determina que no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19 afecten á execución dos contratos de concesión de obras ou servizos, como a presente, só procederá acordar o reequilibrio económico do contrato, cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4).

No caso que nos ocupa, a imposibilidade de execución do contrato foi declarada polo órgano de contratación, a XGL, en sesión de 9 de abril de 2020.

O **procedemento** para acordar o reequilibrio da concesión impón o cumprimento dos seguintes **requisitos**:

- A presentación dunha solicitude de reequilibrio económico polo contratista.
- Que o contratista acredite fehaciente a realidade, efectividade e importe dos gastos.
- Que o órgano de contratación, a instancia del contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos.

1. Presentación dunha solicitude de reequilibrio económico polo contratista

En data 8 de xullo de 2020 o contratista presenta unha solicitude de reequilibrio económico referida a todo o período en que foi imposible executar o contrato nos seus propios termos, e axunta a documentación acreditativa dos gastos que lle ocasionou a imposibilidade de executar o contrato. Unha vez revisada esta documentación polo responsable do contrato, este solicitoulle documentación adicional en data 20 de agosto. Presentada esta, reitera a solicitude de reequilibrio en data 16 de xuño de 2021. Ante a falla de resolución municipal ao respecto, en data 2 de novembro do mesmo ano interpón recurso contencioso-administrativo contra a inactividade da Administración, solicitando o reequilibrio do contrato.

2.- Acreditación fehaciente polo contratista da realidade, efectividade e importe dos gastos

DORNIER, solicita unha indemnización por perda de recadación de 253.868,60 euros, se ben esta cantidade podería incrementarse en 75.582,52 euros de custes laborais de prosperar o recurso de casación interposto polo Estado e a UGT ante a Sala do Social do Tribunal Supremo contra a Sentenza 85/21 de 23 de abril de 2021 da Sala do Social da Audiencia Nacional relativo á viabilidade legal do ERTE. Axunta a solicitude de reequilibrio presentada o 8 de xullo de 2020 a documentación acreditativa, ao seu xuízo, da perda de ingresos durante a suspensión do contrato. No entanto, o xefe de área de Seguridade, responsable do contrato, solicitoulle determinada documentación acreditativa dos feitos alegados o 20 de agosto do mesmo ano.



Unha vez presentada a documentación requirida, o responsable do contrato, en informe de 29 de abril de 2022, tras aceptar como feito probado *“A conseguinte inexistencia de ingresos no período de suspensión, a aplicación do ERTE con fundamento no RD-L 8/20 e a existencia de recurso de casación ante a Sala do Social do Tribunal Supremo da Sentenza 85/21 de 23 de abril de 2021 da Sala do Social da Audiencia Nacional relativo á viabilidade legal do ERTE (recurso presentado polo Estado e a UGT)”* (antecedente II), manifesta que *“acéptanse igualmente a estimación das cantidades reclamadas como ingresos non percibidos durante a suspensión da execución do contrato (307.181,01 euros), así como o cálculo de aforro de custes de persoal (75.582,52 euros) citados na demanda que remítese neste extremo á pericial de D. Alberto Cerro Prieto aportada pola demandante”*.

3.- Que o órgano de contratación, a instancia del contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo

A imposibilidade de execución do contrato foi declarada por acordo da XGL do 9 de abril de 2020, que declara a imposibilidade total de executar o contrato, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, con efectos dende o 16 de marzo. Este órgano declarou o fin da suspensión e a reanudación da execución do contrato en data 28 de maio de 2020 con efectos dende o 1 de xuño de 2020.

-III-

Do reequilibrio da concesión

O artigo 34.4 do RDL 8/2020 determina dúas formas de reequilibrio contractual:

- A ampliación da duración inicial da concesión ata un máximo dun 15 por 100.
- A modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Este precepto tamén fixa os conceptos a indemnizar:

- A perda de ingresos.
- O incremento de custes. Nestes se considerarán incluídos os posibles gastos salariais adicionais, respecto ós previstos na execución ordinaria, que efectivamente abonen durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19.

Procede determinar, en primeiro lugar, por cal das formas de reequilibrio contractual se opta.

Con respecto á ampliación do prazo da concesión, informa o responsable do contrato que non a considera procedente por mor *“do tempo pendente de execución do contrato (cuarta anualidade de dez), da incesante evolución da técnica na prestación do servizo (risco de obsolescencia tecnolóxica á conclusión do contrato)”*.

En consecuencia, opta pola modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato e o razoa dicindo que *“das propias condicións económicas da concesión (previsión dun excedente anual de ingresos dun 55 por cento durante todo*

o período da concesión segundo a oferta da concesionaria), o funcionario que subscribe considera pertinente optar pola fórmula de reequilibrio mediante a modificación das cláusulas económicas do contrato”.

En concreto, a modificación, tal e como se desprende do informe, *“afectaría á Cláusula 6ª, apartados 4 e 5, e a Cláusula 7ª, apartado 1, do PCAP nas que se haberá de contemplar que os ingresos por tarifa se destinarán así mesmo a cubrir os ingresos que o concesionario deixou de percibir entre os días 16 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2020 a consecuencia da suspensión do contrato acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 9 de abril a consecuencia da declaración do estado de alarma (R.D. 463/20 de 16 de marzo e as súas modificacións)”.*

Este reequilibrio está configurado no citado artigo 34.4 como un dereito do contratista, ao que lle compensará da perda de ingresos e, no seu caso, do incremento de gastos, xerados pola pandemia. Máis é preciso por de releve que non se trata dunha modificación contractual, senón dunha medida extraordinaria adoptada por unha norma ditada para facer fronte ás consecuencias derivadas da emerxencia sanitaria, ante a imposibilidade de cumprimento dos contratos nos seus propios termos, atendendo ó feito de que se ve afectado o réxime económico da concesión e non resultaría conforme ós principios xerais da contratación que estas consecuencias fosen asumidas integramente polo concesionario. Como dí ó profesor José María Gimeno Feliú¹ *“esta obligación de adaptación interpretativa del contenido de la prestación durante el tiempo de estado de alarma, se fundamenta en principios generales del Derecho administrativo como la interdicción del enriquecimiento injusto o sin causa, el derecho a la buena administración, la seguridad jurídica, la buena fe, la protección de la confianza legítima y la responsabilidad administrativa o responsabilidad patrimonial de la Administración pública”.*

Para proceder a este reequilibrio é preciso, como se determinou no fundamento xurídico anterior a previa solicitude do concesionario e a acreditación fehaciente da realidade, efectividade e importe dos mesmos.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o reequilibrio do contrato como consecuencia da suspensión da execución da concesión dende o 16 de marzo de 2020 ata o 1 de xuño de 2020 (data na que se reanuda o servizo), modificando o réxime económico deste nos seguintes termos, tal e como propón o responsable do contrato:

“1º.- Engadese unha nova Cláusula 6 bis, titulada Reequilibrio económico-financieiro derivado da Covid.-19, co seguinte contido:

1. Aos sós efectos de facer efectivo o reequilibrio económico-financieiro do contrato derivado da suspensión da súa execución desde o 16 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2020, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 9 de abril ditado por razón da declaración do estado de alarma (RD 463/20 e a súas modificacións; art. 34.4 do RD-L 8/20), os ingreso por tarifa dos apartados 4 e 5 da Cláusula 6ª se destinarán tamén a cubrir os ingresos non percibidos no citado período, polos seguintes importes e conceptos:

1 José María Gimeno Feliú “La crisis sanitaria Covil-19 y su incidencia en la contratación pública”, El cronista del estado social y democrático de derecho, número 86-87,2020



- 231.598,49 euros en concepto de ingresos efectivamente non percibidos como soporte da actividade de explotación ordinaria do servizo para facer fronte aos seus custes.
- 75.582,52 euros en concepto de ingresos efectivamente non percibidos, pero sin contrapartida efectiva de custes de persoal soportados. Este ingreso soamente será esixible ao concello no caso de que o expediente de regulación de emprego ao que se acolleu a concesionaria sexa declarado non conforme a dereito por Sentenza do Tribunal Supremo ditada no recurso de casación intentado polo Estado (Ministerio de Trabajo) e pola Unión General de Trabajadores contra a Sentenza 85/21 de 23 de abril de 2021 da Sala do Social da Audiencia Nacional.

2. Para o caso de que nas sucesivas liquidacións anuais e ata a conclusión do contrato de concesión non se teña producido o reequilibrio económico-financeiro derivado da suspensión do contrato pola Covid-19, na liquidación do contrato incluírase como partida específica o ingreso restante a favor da concesionaria”.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- *Reequilibrar a concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros por mor da imposibilidade da súa execución entre o 16 de marzo e o 1 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020.*

2º.- *A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico nos seguintes termos:*

Engadese unha nova Cláusula 6 bis, titulada Reequilibrio económico-financeiro derivado da Covid.-19, co seguinte contido:

1. *Aos sós efectos de facer efectivo o reequilibrio económico-financeiro do contrato derivado da suspensión da súa execución desde o 16 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2020, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 9 de abril ditado por razón da declaración do estado de*

alarma (RD 463/20 e a súas modificacións; artigo 34.4 do RD-L 8/20), os ingresos por tarifa dos apartados 4 e 5 da Cláusula 6ª se destinarán tamén a cubrir os ingresos non percibidos no citado período, polos seguintes importes e conceptos:

- 231.598,49 euros en concepto de ingresos efectivamente non percibidos como soporte da actividade de explotación ordinaria do servizo para facer fronte aos seus custes.*
- 75.582,52 euros en concepto de ingresos efectivamente non percibidos, pero sin contrapartida efectiva de custes de persoal soportados. Este ingreso soamente será esixible ao concello no caso de que o expediente de regulación de emprego ao que se acolleu a concesionaria sexa declarado non conforme a dereito por Sentenza do Tribunal Supremo ditada no recurso de casación intentado polo Estado (Ministerio de Trabajo) e pola Unión General de Trabajadores contra a Sentenza 85/21 de 23 de abril de 2021 da Sala do Social da Audiencia Nacional.*

2. Para o caso de que nas sucesivas liquidacións anuais e ata a conclusión do contrato de concesión non se teña producido o reequilibro económico-financieiro derivado da suspensión do contrato pola Covid-19, na liquidación do contrato incluírase como partida específica o ingreso restante a favor da concesionaria.

3. Deberá incluírse en cada unha das liquidacións anuais, e no seu caso na liquidación final do contrato, o custe financeiro das cantidades que se abonen en concepto de reequilibrio aplicando o interese legal do diñeiro, devengado dende o 1 de xuño do 2020 ata a liquidación destas cantidades."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(365).- AUTORIZACIÓN DE INCORPORACIÓN DE MEMBRO E CONSEGUINTE TRANSMISIÓN DE PARTICIPACIÓN ENTRE MEMBROS DA UTE TITULAR DA CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN E POSTERIOR XESTIÓN DE 3 APARCADOIROS PÚBLICOS PARA VEHÍCULOS AUTOMÓBILES NA AVENIDA DE AREAL, PINTOR COLMEIRO E POLICARPO SANZ (LOTE 1). EXPTE. 6744/241.

Dáse conta do informe-proposta do 16/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a concelleira-delegada de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 18/1982, de 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE)
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar mediante concurso público a redacción dos proxectos básicos e proxectos de execución, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz aprobado por acordo plenario de data 3 de novembro de 1998 (PCAP)
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 21 de maio de 2007, acordou a ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e posterior xestión de 3 aparcadoiros públicos para vehículos automóbiles na avenida de Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz por un prazo de 50 anos.

O contrato formalizouse o 13 de xuño de 2007. Consta no expediente escritura de constitución da UTE cunha porcentaxe de participación ao 50% entre ELOYMAR, S.A. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.

Segundo.- A Xunta de Goberno local acordou a apertura ao servizo público do aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro na sesión do 9 de outubro de 2009.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local acordou a apertura ao servizo público do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz na sesión do 31 de xaneiro de 2011.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local acordou a apertura ao servizo público do aparcadoiro da rúa de Areal na sesión do 28 de outubro de 2011.

Quinto.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E., mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 3 de marzo de 2022, solicita autorización do órgano de contratación para a transmisión de participacións entre as sociedades que compoñen a UTE. No referido escrito

indica que achega escritura de constitución de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. como Anexo I, se ben non consta presenta dita documentación.

Sexto.- Con data do 30 de marzo de 2022, requírese á ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. a presentación de documentación (declaración de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. de non estar incurso en prohibición de contratar e a acreditación da súa solvencia económica).

Sétimo.- O 8 de abril de 2022 ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. presenta nova documentación (documento nº 220071981).

Oitavo.- Con data do 20 de abril de 2022 a responsable do contrato emite informe sobre a solvencia técnica de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. a solicitude do Servizo de Contratación.

Noveno.- O 22 de abril de 2022 ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. completa a documentación presentada (documento nº 220080314).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da natureza das Unións temporais de empresas e o seu réxime xurídico

É preciso comezar por definir que é unha Unión Temporal de Empresas (UTE). Unha UTE é unha forma de colaboración entre empresarios, que dá lugar a unha organización distinta da dos seus membros, pero sen personalidade xurídica propia ou diferenciada. A Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento rexional (LUTE) defínea como “*sistema de colaboración entre empresarios por tempo certo, determinado ou indeterminado, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministro*” (artículo 7.1 LUTE).

Tal e como di a Junta de Contratación Administrativa no seu informe 1/17, do 13 de xullo “*unha Unión Temporal de Empresas, pola súa propia natureza, é un sistema voluntario de colaboración entre empresarios por un período determinado, determinado ou indefinido, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministración e que non teña personalidade xurídica propia* (art. sétimo da Lei 18/1982, do 26 de maio, de réxime fiscal das agrupacións e unións temporais de empresas e das Empresas Rexionais de Desenvolvemento Industrial). O noso Informe 56/2013, do 15 de decembro de 2015, sinalou que a Unión Temporal de Empresas se caracteriza por ser un sistema asociativo de colaboración empresarial que, aínda que implica unha estrutura organizativa común, nunca chega a conformar a existencia dun suxeito de dereito distinto dos empresarios que o integran. Este sistema de colaboración baséase nun acordo de vontades entre empresas e artículase en dous aspectos, ad intra, a través do propio contrato da Unión Unión Temporal de Empresas subscrita polos seus membros, e, ad extra, mediante a participación desa Unión Temporal de Empresas no procedemento de licitación contractual. A articulación ad extra culminará coa obriga de elevar a escritura pública a formalización da Unión Temporal de Empresas ante Notario se finalmente adxudicárase o contrato público. A Unión Temporal de Empresas é, polo tanto, un sistema de colaboración entre empresarios, cuxas principais notas distintivas (artigo 24 do Texto Refundido do ano 2000 e Artigo 59 do Texto Refundido



da Lei de Contratos do Sector Público) son os seguintes:

- 1) Non ten personalidade xurídica;
- 2) Xera un sistema de responsabilidade solidaria asumida por todos e cada un dos empresarios socios de o mesmo (todo iso independentemente da porcentaxe de participación do empresario na Unión Temporal de empresas);
- 3) A súa constitución é temporal;
- 4) Deberá formalizarse mediante escritura pública ante Notario se o contrato é adxudicatario”.

No ámbito da contratación pública é unha figura que facilita que dous ou máis empresarios, poidan concorrer xuntos a unha licitación. Ou ben porque individualmente carecen da solvencia esixida no procedemento de que se trate ou ben, por razóns de oportunidade, para repartir os riscos empresariais do contrato. En calquera caso, a posibilidade de concorrer en UTE por dous ou máis empresarios favorece unha maior concorrencia nas licitacións públicas e potencia a participación das pymes.

O problema que suscitan as UTES é a súa escasa regulación, que se contén fundamentalmente na citada Lei 18/1982 (LUTE). Aínda que, esta norma dedica un artigo a fixar o seu concepto (artigo 7) e outro a regular os seus requisitos (artigo 8), o resto dos preceptos regulan basicamente os seus aspectos fiscais. No ámbito da lexislación contractual a LCAP dedícalles o artigo 24.

Desta regulación podemos extraer as principais notas que caracterizan á UTE:

1. A falta de personalidade xurídica (artigo 7.2 da LUTE).
2. O seu carácter temporal. Constitúese para a execución dun contrato concreto e deberán ter unha duración idéntica á da obra, servizo ou fornezo que constitúa o seu obxecto (artigos 7.1 e 8.c LUTE, 24.1 LCAP). A LUTE fixa como duración máxima da UTE 25 anos, agás que se trate de contratos que comprendan a execución de obras e explotación de servizos públicos. Nese caso, a duración máxima será de 50 anos desde a posta en servizo (artículo 8.c LUTE), como no caso que nos ocupa.
3. A obriga de formalizar a súa constitución en escritura pública subscrita ante Notario (artículo 8.e LUTE e 24.1 LCAP), que recollerá, entre outros aspectos, “a proporción ou método para determinar a participación das distintas empresas membros na distribución dos resultados ou, no seu caso, nos ingresos ou gastos da Unión”.
4. O órgano de administración da unión será un representante ou apoderado único, nomeado polos membros da UTE, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións derivadas do contrato (artigos 8.e.1.6 LUTE e 24.1 LCAP). Aínda que se admite a existencia de poderes mancomunados para pagamentos e cobros de contía significativa (artigos 24.1 LCAP).
5. O réxime de responsabilidade solidaria dos empresarios integrantes da UTE (artigos 8.e.1.8 LUTE e 24.1 LCAP).

Legislación aplicable á incorporación dun novo membro da UTE e da transmisión de participacións entre os seus membros

O xerente único da UTE titular da concesión para a construción e posterior xestión de 3 aparcadoiros públicos para vehículos automóbiles na avenida de Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz solicita autorización para a transmisión de participacións entre os seus integrantes nos seguintes termos:

	Situación actual	Modificación solicitada
ELOYMAR, S.A.	55%	55%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	45%	23%
COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.	0%	22%

Consta acreditada a súa condición de xerente único na escritura de constitución da UTE de data 1 de xuño de 2007 (nº de protocolo 957), que forma parte do expediente.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a legislación a aplicar a este contrato. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

Agora ben, na legislación aplicable non se atopa regulación ningunha da modificación da composición das UTEs a diferenza do que acontece coa vixente LCSP que si a regula expresamente no artigo 69 adicado precisamente ás unións temporais de empresas.

En efecto, o RDL 2/2000 regula, por un lado, a prerrogativa das Administracións Públicas consistente na modificación (obxectiva) dos contratos, e por outro lado, regula as distintas figuras xurídicas que conlevan unha modificación subxectiva do contrato: sucesión da persoa contratista (artigo 101) e cesión do contrato (artigo 114). Co Real decreto legislativo 3/2011 incorporouse, entre as modificacións subxectivas, a subrogación do acredor hipotecario no contrato de concesión (artigo 263) que se mantén na vixente LCSP no artigo 275.

A modificación subxectiva do contrato (en termos de Dereito Civil, novación subxectiva) supón a modificación dos elementos persoais do contrato, ben do contratante ou do contratista, cuxo principal efecto é a subrogación en todos os dereitos e obrigas derivados das relacións xurídicas existentes.

Dada a ausencia dunha regulación específica, con anterioridade á entrada en vigor da



LCSP, os órganos consultivos en materia de contratación viñan entendendo a transmisión de participacións entre membros dunha UTE, en función das circunstancias concorrentes. Nuns casos asimilándoa coa cesión do contrato, fundamentalmente cando a transmisión implicaba unha alteración do control efectivo da sociedade – ditame 33752001 do Consejo de Estado- ou por desaparición de membros de UTE e, noutros, como unha **reorganización interna da UTE**.

Na liña da reorganización interna, a Junta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat Valenciana no seu informe VAL 09/2011, sinala, baseándose na sentenza do Tribunal de Xustiza do Unión Europea (Asunto C-454/06, Presstext Nachrichtenagentur) que resultaba factible a desaparición da relación obrigatoria da empresa afectada pola súa entrada en concurso, mediante a reorganización interna da UTE *«Polo tanto, ao tratarse de meras reorganizacions internas, tendo en conta que a persoa xurídica concreta participou nun procedemento de licitación previo, as posibles modificacións da composición non supoñen, en principio, unha modificación substancial do contrato adxudicado»*.

En semellante sentido, se pronuncia o informe da Junta Consultiva de Andalucía 3/2002, aínda que sen facer referencia á causa do concurso dun dos membros da UTE *“a redistribución das porcentaxes de participación entre os mesmos membros da unión non altera o réxime de responsabilidade solidaria que afecta a todos e cada un dos emprendedores. 3. Os requisitos que para a cesión dos contratos se esixen no artigo 114 do TRLCAP non son aplicación neste caso concreto, xa que tal precepto está previsto para a cesión a un terceiro de dereitos e obrigas dimanantes dun contrato, e no presente caso nin hai un novo empresario que se incorpora á unión nin por suposto altera o sistema de dereitos e obrigas da empresarios, que en virtude do réxime de responsabilidade solidaria permanece inalterado para cada un deles. O anterior non supón un obstáculo para que a Administración resolva sobre o solicitado en atención ás circunstancias que concorran, acudindo ao procedemento xeral que para a resolución de incidencias dispón artigo 136 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado aínda vixente (artigo 97 do novo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas), e no caso de acceder ao solicitado, deberá modificarse a escritura de formalización da unión nos extremos afectados”*.

Para o caso concreto das UTEs, como indicabamos ao principio deste fundamento, a vixente LCSP regula expresamente a modificación da súa composición no artigo 69 relativo ás “Unións de empresarios”, onde enumera unha serie de regras de aplicación á marxe da regulación da cesión do contrato. Así pois, establece o citado artigo 69.9:

“9. Unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas, observaranse as seguintes regras:

a) Cando a modificación da composición da unión temporal supoña o aumento do número de empresas, a diminución do mesmo, ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras, se precisará a autorización previa e expresa do órgano de contratación, debéndose ter executado o contrato cando menos nun 20 por cento das súas importacións ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a quinta parte do prazo de duración do contrato. En todo caso será necesario que se requira a resolución ou clasificación e que na nova configuración da unión temporal a empresa teña plena

capacidade de obrar e non estean incursas en prohibición de contratar”.

Mentres que, con carácter xeral, respecto da cesión do contrato, establece o artigo 214:

”1. Á marxe dos supostos de sucesión do contratista do artigo 98 e sen prexuízo da subrogación que puidera producirse a favor do acredor hipotecario conforme ao artigo 274.2 ou do adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria en virtude do artigo 275, a modificación subxectiva dos contratos soamente será posible por cesión contractual, cando obedeza a unha opción inequívoca dos pregos, dentro dos límites establecidos no parágrafo seguinte.

Para tales efectos, os pregos establecerán necesariamente que os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non teñan sido razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b), non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Cando os pregos prevexan que os licitadores que resulten adxudicatarios constitúan unha sociedade especificamente para a execución do contrato, establecerán a posibilidade de cesión das participacións desa sociedade; así como o suposto no que, por implicar un cambio de control sobre o contratista, esa cesión de participacións deba ser equiparada a unha cesión contractual para os efectos da súa autorización de acordo co previsto neste artigo. Os pregos poderán prever mecanismos de control da cesión de participacións que non impliquen un cambio de control en supostos que estean suficientemente xustificadas”.

E o artigo 250, respecto dos contratos de concesión de obras, ao fixar o contido do prego de cláusulas administrativas particulares, establece que *”preverán tamén a posibilidade de que se produza a cesión do contrato de conformidade co previsto no artigo 214, así como das participacións na sociedade concesionaria cando se constitúa unha sociedade de propósito específico polos licitadores para a execución do contrato. Así mesmo, establecerán criterios para a determinación de cando a cesión das participacións deberá considerarse por supor un efectivo cambio de control e, no caso de que estivera xustificada polas características do contrato, estableceranse tamén mecanismos de control para cesións de participacións na sociedade concesionaria que non poidan equipararse a unha cesión do contrato. En todo caso considerarase que se produce un efectivo cambio de control cando se ceda o 51 por cento das participacións”.* Nos mesmos termos se expresa o artigo 285. e) da LCSP respecto do contrato de concesión de servizos.

Podemos concluír á vista da actual regulación, que se diferencia claramente a modificación da composición da unión temporal da cesión do contrato.

Na liña da citada sentenza do Tribunal de Justicia de la Unión Europea (Asunto C- 454/06, Presstext Nachrichtenagentur), que entende que a desaparición dun membro da UTE non é unha modificación substancial do contrato mentres non implique unha modificación sobrevenida da oferta, o cal sería contrario aos principios de igualdade e non discriminación que implica a modificación da oferta, podemos entender, seguindo o mesmo argumento e a normativa actual, que a incorporación dun novo membro, neste caso COCHERAS DE NIGRÁN, S.L., tamén sería unha simple reorganización interna.



Ademais, de conformidade coa normativa actual, a incorporación dun novo membro da UTE, coa conseguinte redistribución de participacións, non implica unha cesión de dereitos e obrigas dimanantes do contrato a un terceiro. Con esta modificación non se altera a responsabilidade solidaria nin dos membros orixinais da UTE nin do novo membro.

En base ao anterior parece procedente aplicar por analogía a LCSP, sendo os requisitos para a modificación que se solicita da composición da unión temporal mediante a incorporación dun novo membro os seguintes (artigo 69):

- Autorización previa e expresa do órgano de contratación
- Ao tratarse dun contrato de concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a 1/5 do prazo de duración do contrato
- Que o novo membro da UTE posúa a clasificación (no seu caso) ou solvencia esixidos, plena capacidade de obrar e non estea incurso en prohibición de contratar

-III-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola LCSP para a modificación da composición da unión temporal de empresas e

Unha vez fixada a posibilidade de autorizar a solicitude da UTE concesionaria, resta examinar a concorrencia dos requisitos esixibles.

- Requisito formal: autorización previa e expresa do órgano de contratación, que será concedida tras a comprobación do cumprimento dos demais requisitos e posterior elevación a escritura pública.
- Requisito temporal: ao tratarse dun contrato de concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a 1/5 do prazo de duración do contrato.

Segundo o artigo 5 do prego “De conformidade co sinalado no art. 157.a) do TRLCAP, a concesión administrativa terá unha duración improrrogable de 50 anos e serán computados en cada aparcadoiro a partir da data da Acta de Comprobación das obras (artigo 58) que levará implícita a apertura ó uso público do servizo. O remate da concesión reverterán ó Concello de Vigo a totalidade das instalacións construídas obxecto do contrato (artigo 43)”.

Tendo en conta que a concesión se adjudicou o 21 de maio de 2007 por un prazo de 50 anos e que a apertura ao servizo público dos aparcadoiros se acordou pola Xunta de Goberno local nas datas 9 de outubro de 2009, 31 de xaneiro e 28 de outubro de 2011, no momento da solicitude formulada pola UTE xa se tiña executado máis da 1/5 parte de cada un dos tres contratos.

- Requisito subxectivo: que o novo membro da UTE posúa a solvencia esixida, plena capacidade de obrar e non estea incurso en prohibición de contratar.

Consta no expediente do concurso para a execución, construción e explotación de dous aparcadoiros soterrados no subosolo da praza da Independencia e na rúa Urzaiz escritura de constitución de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. na que se pode comprobar o seu obxecto social (“*explotación de parkings*”, entre outros). Esta escritura foi incorporada a este expediente. Ademais o concesionario presentou declaración de que non estar incurso a empresa en prohibición de contratar.

Respecto da solvencia, o artigo 13 do prego establece o seguinte:

“a) A solvencia económica e financeira acreditarase coa presentación dos seguintes documentos:

- Informe dalgunha institución financeira debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Financeiras do Banco de España sobre a situación financeira do licitador no qu se valore a súa capacidade de facer fronte ás obrigas financeiras derivadas no futuro contrato, con mención expresa das características deste (obxecto, prazo concesional... etc)*
- Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais dos últimos tres anos ou extracto das mesmas no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas se atopen establecidas, así como informe dos auditores no caso de que a empresa estea obrigada a auditarse ou o faga voluntariamente.*
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras ou servizos realizados polo licitador no curso dos tres últimos exercizos.*

b) A solvencia técnica apreciarase tendo en conta os coñecementos técnicos, a eficacia, a experiencia e a fiabilidade o que se acreditará mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Unha relación dos principais servizos públicos ou traballos de análoga natureza prestados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos.*
- Unha descrición do equipo técnico que xestionará o servizo público obxecto do contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, indicando particularmente a titulación académica e profesional do persoal que se responsabilizará da xestión do servizo.*

Os servizos ou traballos realizados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario fose unha entidade do sector público, cando o destinatario houberse sido un suxeito privado mediante un certificado expedido por este, a falta do certificado mediante unha declaración do empresario.

En caso de que o equipo técnico non estea integrado directamente na empresa ou empresas licitadoras, deberá achegarse cartas nas que aqueles se comprometan a prestar a súa colaboración ó licitador ou licitadores, nas súas respectivas áreas de actividade, para a execución do contrato no suposto de que o licitador ou licitadores resulten adxudicatarios”.



Concello de Vigo

Cómpre sinalar que no caso das UTEs opera a norma da acumulación (artigo 31 do RD 2/2000), se ben cada membro debe posuír un mínimo de solvencia.

Sobre este aspecto se pronuncia o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en resolucións como a nº 913/2016 que establece:

“Respecto de la solvencia técnica, es exigible asimismo a todos y cada uno de los componentes de la UTE, si bien con el criterio flexible de entender que la relación que tengan con el objeto del contrato puede ser directa o indirecta siempre que todas ellas tengan una finalidad social al menos relacionada con el objeto del contrato. Es decir, se exige a cada uno al menos un mínimo de solvencia técnica.

Respecto de la solvencia económica también se exige a cada uno de los componentes de la UTE, (lo cual es obvio dada la responsabilidad solidaria de todos los componentes de la UTE tanto frente a la Administración como frente a terceros); si bien con el criterio flexible de entender que alguno de sus componentes puede probar su solvencia económica acreditando la capacidad económica de otra empresa perteneciente o no a la UTE, con la que tenga cualesquiera vínculos jurídicos, siempre que pruebe fehacientemente que puede disponer de los fondos económicos de esta tercera empresa”.

Dado que COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. forma parte da UTE concesionaria dos aparcadoiros da praza da Independencia e da rúa Urzáiz desde o 7 de outubro de 2016 (expte. nº 5.710-241), solicitouse informe á responsable do contrato co obxecto de acreditar a súa solvencia técnica, que foi emitido con data 20 de abril de 2022 e incorporado a este expediente.

A solvencia económica foi acreditada polo concesionario o 22 de abril de 2022 (documento nº 220080314) a través dun dos medios previstos no artigo 13.a) do PCAP, as contas anuais de 2020, cumpríndose o mínimo de solvencia esixido cando opera a norma da acumulación (artigo 31 do RD 2/2000). Ademais neste caso non se produce a desaparición dun membro da UTE senón a incorporación doutro e todos responden solidariamente tanto fronte á Administración como fronte a terceiros.

Foron incorporados ao expediente polo Servizo de Contratación os xustificantes e certificados de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Comprobado que a UTE concesionaria cumpre cos requisitos temporais e subxectivos, procede outorgar a autorización para a modificación da súa composición e conseguinte redistribución de participacións, que quedará condicionada á súa posterior elevación a escritura pública.

-IV-

Formalización da modificación da composición da UTE

S. ord. 19/05/2022

Outorgada a autorización para a modificación da composición da UTE mediante a incorporación de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. e a conseguinte redistribución das participacións, que deberá formalizarse en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos.

Unha vez formalizada deberá ser comunicada ao Concello. A falta de previsión legal, fíxase como prazo para esta comunicación un mes, prazo que se estima suficiente para cumprimentar este trámite.

-V-

Competencia

O órgano competente para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Neste caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartado 8 da disposición adicional terceira da LCSP), ao non comportar gasto para a Administración municipal.

No entanto, para outorgar maiores garantías de seguridade xurídica á citada proposta, sométese á conformidade da Asesoría Xurídica e da Intervención.

-VI-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar a ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, UTE a incorporación entre os seus membros de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. e a conseguinte transmisión do 22% da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. na UTE á citada empresa quedando a composición como segue:

	Porcentaxe de participación
ELOYMAR, S.A.	55%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	23%
COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.	22%

2º.- A modificación da composición da UTE producirá efectos unha vez que se formalice en escritura pública. Deberá entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao do seu outorgamento”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(366).- AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DE PARTICIPACIÓNS ENTRE MEMBROS DA UTE TITULAR DA CONCESIÓN PARA A EXECUCIÓN, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DOUS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS NO SUBSOLO DA PRAZA DA INDEPENDENCIA E NA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 6745/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución 31/03/22) a concelleira-delegada de Contratación, a titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas (LCAP)
- Regulamento xeral de contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, de 25 de novembro (RXCE)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE)
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar mediante concurso público a redacción dos proxectos básicos e proxectos de execución, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz aprobado por acordo plenario de data 3 de novembro de 1998 (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 15 de abril de 1999, acordou a adxudicación da concesión administrativa de dominio público para a redacción dos proxectos, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz a favor da UTE Eloymar – Tranvías, por un prazo de 65 anos, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobados por acordo plenario do 3 de agosto de 1998, formalizándose o contrato en data 1 de xullo de 1999.

S. ord. 19/05/2022

Consta no expediente escritura de constitución da UTE cunha porcentaxe de participación ao 50% entre ELOYMAR, S.A. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.

Segundo.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE ELOYMAR, S.A. – TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de setembro de 2016, solicita autorización do órgano de contratación para ceder o 40% da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., na citada UTE, a COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 7 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á UTE UTE ELOYMAR, S.A. - TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., a cesión do 40% da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., na UTE a COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.

2º.- A cesión producirá efectos unha vez que se formalice en escritura pública. Deberá entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da mesma”.

Con data do 7 de novembro de 2016 elevouse a escritura pública a autorización anterior (nº de protocolo 2.613).

Cuarto.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E., mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 3 de marzo de 2022, solicita autorización do órgano de contratación para a transmisión de participacións entre as sociedades que compoñen a UTE.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da natureza das Unións temporais de empresas e o seu réxime xurídico

É preciso comezar por definir que é unha Unión Temporal de Empresas (UTE). Unha UTE é unha forma de colaboración entre empresarios, que dá lugar a unha organización distinta da dos seus membros, pero sen personalidade xurídica propia ou diferenciada. A Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento rexional (LUTE) defínea como “*sistema de colaboración entre empresarios por tempo certo, determinado ou indeterminado, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministro*” (artículo 7.1 LUTE).

Tal e como di a Junta de Contratación Administrativa no seu informe 1/17, do 13 de xullo “*unha Unión Temporal de Empresas, pola súa propia natureza, é un sistema voluntario de colaboración entre empresarios por un período determinado, determinado ou indefinido, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministración e que non teña personalidade xurídica propia* (art. sétimo da Lei 18/1982, do 26 de maio, de réxime fiscal das agrupacións e unións temporais de empresas e das Empresas Rexionais de Desenvolvemento Industrial). O noso Informe 56/2013, do 15 de decembro de 2015, sinalou



que a Unión Temporal de Empresas se caracteriza por ser un sistema asociativo de colaboración empresarial que, aínda que implica unha estrutura organizativa común, nunca chega a conformar a existencia dun suxeito de dereito distinto dos empresarios que o integran. Este sistema de colaboración baséase nun acordo de vontades entre empresas e artículase en dous aspectos, ad intra, a través do propio contrato da Unión Temporal de Empresas subscrita polos seus membros, e, ad extra, mediante a participación desa Unión Temporal de Empresas no procedemento de licitación contractual. A articulación ad extra culminará coa obriga de elevar a escritura pública a formalización da Unión Temporal de Empresas ante Notario se finalmente adxudicárase o contrato público. A Unión Temporal de Empresas é, polo tanto, un sistema de colaboración entre empresarios, cuxas principais notas distintivas (artigo 24 do Texto Refundido do ano 2000 e Artigo 59 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público) son os seguintes:

1) Non ten personalidade xurídica;

2) Xera un sistema de responsabilidade solidaria asumida por todos e cada un dos empresarios socios de o mesmo (todo iso independentemente da porcentaxe de participación do empresario na Unión Temporal de empresas);

3) A súa constitución é temporal;

4) Deberá formalizarse mediante escritura pública ante Notario se o contrato é adxudicatario”.

No ámbito da contratación pública é unha figura que facilita que dous ou máis empresarios, poidan concorrer xuntos a unha licitación. Ou ben porque individualmente carecen da solvencia esixida no procedemento de que se trate ou ben, por razóns de oportunidade, para repartir os riscos empresariais do contrato. En calquera caso, a posibilidade de concorrer en UTE por dous ou máis empresarios favorece unha maior concorrencia nas licitacións públicas e potencia a participación das pymes.

O problema que suscitan as UTEs é a súa escasa regulación, que se contén fundamentalmente na citada Lei 18/1982 (LUTE). Aínda que, esta norma dedica un artigo a fixar o seu concepto (artigo 7) e outro a regular os seus requisitos (artigo 8), o resto dos preceptos regulan basicamente os seus aspectos fiscais. No ámbito da lexislación contractual a LCAP dedícalles o artigo 24.

Desta regulación podemos extraer as principais notas que caracterizan á UTE:

1. A falta de personalidade xurídica
2. O seu carácter temporal. Constitúese para a execución dun contrato concreto e deberán ter unha duración idéntica á da obra, servizo ou subministro que constituía o seu obxecto. A LUTE fixa como duración máxima da UTE 25 anos, agás que se trate de contratos que comprendan a execución de obras e explotación de servizos públicos. Nese caso, a duración máxima será de 50 anos desde a posta en servizo, como no caso que nos ocupa.
3. A obriga de formalizar a súa constitución en escritura pública subscrita ante Notario, que recollerá, entre outros aspectos, “a proporción ou método para determinar a participación das distintas empresas membros na distribución dos resultados ou, no

seu caso, nos ingresos ou gastos da Unión”.

4. O órgano de administración da unión será un representante ou apoderado único, nomeado polos membros da UTE, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións derivadas do contrato. Aínda que se admite a existencia de poderes mancomunados para pagamentos e cobros de contía significativa.
5. O réxime de responsabilidade solidaria dos empresarios integrantes da UTE.

-II-

Lexislación aplicable á transmisión de participacións entre membros dunha UTE

O xerente único da UTE titular da concesión para a construción e posterior xestión de 3 aparcadoiros públicos para vehículos automóbiles na avenida de Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz solicita autorización para a transmisión de participacións entre os seus integrantes nos seguintes termos:

	Situación actual	Modificación solicitada
ELOYMAR, S.A.	55%	55%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	40%	23%
COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.	5%	22%

Consta acreditada a súa condición de xerente único na escritura de constitución da UTE de data 1 de xullo de 1999 (nº de protocolo 2.616), que forma parte do expediente.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación a aplicar a este contrato. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas (LCAP)
- Regulamento xeral de contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, do 25 de novembro (RCE), no que non se opoña á LCAP

Agora ben, na lexislación aplicable non se atopa regulación ningunha da transmisión de participacións entre membros dunha UTE.

A modificación subxectiva do contrato (en termos de Dereito Civil, novación subxectiva) supón a modificación dos elementos persoais do contrato, ben do contratante ou do contratista, cuxo principal efecto é a subrogación en todos os dereitos e obrigas derivados das relacións xurídicas existentes.

Dada a ausencia dunha regulación específica, con anterioridade á entrada en vigor da LCSP, os órganos consultivos en materia de contratación viñan entendendo a transmisión de participacións entre membros dunha UTE, en función das circunstancias concorrentes. Nuns



Concello de Vigo

casos asimilándoa coa cesión do contrato, fundamentalmente cando a transmisión implicaba unha alteración do control efectivo da sociedade – ditame 3375/2001 do Consejo de Estado- ou por desaparición de membros de UTE e, noutros, como unha reorganización interna da UTE.

Así, pois, a Xunta de Goberno local, na sesión de data 7 de outubro de 2016, acordou autorizar á UTE UTE ELOYMAR, S.A. - TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., a cesión do 40% da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., na UTE a COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.

No entanto, a vixente LCSP, para o caso concreto das UTEs regula expresamente a modificación da súa composición no artigo 69 relativo ás “*Unións de empresarios*”, onde enumera unha serie de regras de aplicación á marxe da regulación da cesión do contrato:

“9. Unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas, observaranse as seguintes regras:

a) Cando a modificación da composición da unión temporal supoña o aumento do número de empresas, a diminución do mesmo, ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras, se precisará a autorización previa e expresa do órgano de contratación, debéndose ter executado o contrato cando menos nun 20 por cento das súas importacións ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a quinta parte do prazo de duración do contrato. En todo caso será necesario que se requira a resolución ou clasificación e que na nova configuración da unión temporal a empresa teña plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibición de contratar.

b) Cando teña lugar respecto dalgunha ou algunhas empresas integrantes da unión temporal operacións de fusión, escisión ou transmisión de rama de actividade, continuará a execución do contrato coa unión temporal adxudicataria. No caso de que a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente da rama de actividade, non sexan empresas integrantes da unión temporal, será necesario que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar e que se manteña a solvencia, a capacidade ou clasificación esixida.

c) Cando algunha ou algunhas das empresas integrantes da unión temporal fosen declaradas en concurso de acredores e aínda cando se tivera aberto a fase de liquidación, continuará a execución do contrato coa empresa ou empresas restantes sempre que estas cumpran os requisitos de solvencia ou clasificación esixidos”.

Mentres que, con carácter xeral, respecto da cesión do contrato, establece o artigo 214 :

“1. Á marxe dos supostos de sucesión do contratista do artigo 98 e sen prexuízo da subrogación que puidera producirse a favor do acredor hipotecario conforme ao artigo 274.2 ou do adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria en virtude do artigo 275, a modificación subxectiva dos contratos soamente será posible por cesión contractual, cando obedeza a unha opción inequívoca dos pregos, dentro dos límites establecidos no parágrafo seguinte.

Para tales efectos, os pregos establecerán necesariamente que os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non teñan sido razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b), non poderá autorizarse a cesión a un terceiro

cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Cando os pregos prevexan que os licitadores que resulten adxudicatarios constitúan unha sociedade especificamente para a execución do contrato, establecerán a posibilidade de cesión das participacións desa sociedade; así como o suposto no que, por implicar un cambio de control sobre o contratista, esa cesión de participacións deba ser equiparada a unha cesión contractual para os efectos da súa autorización de acordo co previsto neste artigo. Os pregos poderán prever mecanismos de control da cesión de participacións que non impliquen un cambio de control en supostos que estean suficientemente xustificadas”.

E o artigo 250, respecto dos contratos de concesión de obras, ao fixar o contido do prego de cláusulas administrativas particulares, establece que *"preverán tamén a posibilidade de que se produza a cesión do contrato de conformidade co previsto no artigo 214, así como das participacións na sociedade concesionaria cando se constituía unha sociedade de propósito específico polos licitadores para a execución do contrato. Así mesmo, establecerán criterios para a determinación de cando a cesión das participacións deberá considerarse por supor un efectivo cambio de control e, no caso de que estivera xustificada polas características do contrato, estableceranse tamén mecanismos de control para cesións de participacións na sociedade concesionaria que non poidan equipararse a unha cesión do contrato. En todo caso considerarase que se produce un efectivo cambio de control cando se ceda o 51 por cento das participacións”*. Nos mesmos termos se expresa o artigo 285. e) da LCSP respecto do contrato de concesión de servizos.

Comprobamos así, como a LCSP diferencia claramente entre a cesión do contrato a un terceiro e a simple modificación da composición da UTE.

No caso que nos ocupa non se pretende a transmisión de participacións a un terceiro senón entre membros da propia UTE, polo que non se produce unha cesión de dereitos e obrigas dimanantes do contrato a un terceiro alleo ao concesionario senón unha simple reorganización interna da propia UTE.

O concesionario segue a ser o mesmo, que tras a autorización da Xunta de Goberno local do 7 de outubro de 2016, pasa a ser a UTE formada por ELOYMAR, S.A., TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. e COCHERAS DE NIGRÁN, S.L., conservando os tres membros a súa responsabilidade solidaria.

Nesta liña, a Junta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat Valenciana no seu informe VAL 09/2011, sinala, baseándose na sentenza do Tribunal de Xustiza do Unión Europea (Asunto C-454/06, Presstext Nachrichtenagentur) que resultaba factible a desaparición da relación obrigatoria da empresa afectada pola súa entrada en concurso, mediante a reorganización interna da UTE *«Polo tanto, ao tratarse de meras reorganizacións internas, tendo en conta que a persoa xurídica concreta participou nun procedemento de licitación previo, as posibles modificacións da composición non supoñen, en principio, unha modificación substancial do contrato adxudicado»*.

En semellante sentido, se pronuncia o informe da Junta Consultiva de Andalucía 3/2002, aínda que sen facer referencia á causa do concurso dun dos membros da UTE *“a redistribución das porcentaxes de participación entre os mesmos membros da unión non altera o réxime de responsabilidade solidaria que afecta a todos e cada un dos emprendedores. 3. Os requisitos que para a cesión dos contratos se esixen no artigo 114 do*



Concello de Vigo

TRLCAP non son aplicación neste caso concreto, xa que tal precepto está previsto para a cesión a un terceiro de dereitos e obrigas dimanantes dun contrato, e no presente caso nin hai un novo empresario que se incorpora á unión nin por suposto altera o sistema de dereitos e obrigas dos empresarios, que en virtude do réxime de responsabilidade solidaria permanece inalterado para cada un deles. O anterior non supón un obstáculo para que a Administración resolva sobre o solicitado en atención ás circunstancias que concorran, acudindo ao procedemento xeral que para a resolución de incidencias dispón artigo 136 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado aínda vixente (artigo 97 do novo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas), e no caso de acceder ao solicitado, deberá modificarse a escritura de formalización da unión nos extremos afectados”.

Agora ben, mentres que o artigo 69 da actual LCSP contempla determinadas regras para os supostos nos que a composición da UTE supoña o aumento ou diminución do número de empresas, ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras; supostos de operacións de fusión, escisión ou transmisión de rama de actividade; ou supostos nos que algunha/s das empresas integrantes da unión temporal fosen declaradas en concurso de acredores, non regula expresamente o suposto de transmisión de participacións entre membros da UTE, polo que entendemos que non require dun procedemento específico.

No entanto, para maior seguridade xurídica, procedería autorizar a transmisión de participacións solicitada ao supoñer cambios na escritura de constitución da UTE concesionaria.

Entre os requisitos enumerados polo artigo 8 da LUTE esíxese que “[...] *as unións temporais de empresas se formalizarán en escritura pública, que expresará o nome, apelidos, razón social dos outorgantes, a súa nacionalidade e o seu domicilio; a vontade dos outorgantes de constituír a Unión e os estatutos ou pactos que han rexer o funcionamento da Unión, nos que se fará constar:*

[...]

Sete. A proporción ou método para determinar a participación das distintas empresas membros na distribución dos resultados ou, no seu caso, nos ingresos ou gastos da Unión [...]”

Tamén o artigo 24 da LCAP como o vixente artigo 69 da LCSP, esixen a necesaria formalización en escritura pública.

Cómpre salientar que coa transmisión de participacións non se altera a responsabilidade solidaria dos membros da UTE e, aínda que a lei non o esixe expresamente, o contrato foi executado en máis de 1/5 do seu prazo de duración, xa que a concesión foi outorgada por un prazo de 65 anos a contar desde o “*outorgamento do contrato*” o 1 de xullo de 1999 (cláusula V do prego).

Ademais, dado que non hai cambios nos membros da UTE, os requisitos de capacidade de obrar e de non estar incursos en prohibición de contratar xa foron comprobados no momento pertinente. No caso de ELOYMAR, S.A. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. no

momento previo á adxudicación da concesión e no caso de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. con anterioridade á autorización da primeira transmisión de participacións en 2016.

-III-

Formalización da modificación da composición da UTE

Outorgada a autorización para a transmisión de participacións entre membros da UTE deberá formalizarse en escritura pública (artigo 8 da LUTE, 24 da LCAP e 69 da LCSP).

Unha vez formalizada deberá ser comunicada ao Concello. A falta de previsión legal, fíxase como prazo para esta comunicación un mes, prazo que se estima suficiente para cumprimentar este trámite.

-IV-

Competencia

O órgano competente para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Neste caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartado 8 da disposición adicional terceira da LCSP), ao non comportar gasto para a Administración municipal.

No entanto, para outorgar maiores garantías de seguridade xurídica á citada proposta, sométese á conformidade da Asesoría Xurídica e da Intervención.

-V-

Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar a ELOYMAR, TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO e COCHERAS DE NIGRÁN, UTE, adxudicataria da concesión administrativa de dominio público para a redacción dos proxectos, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz, a transmisión de participacións entre os seus membros quedando a composición como segue:

	<i>Porcentaxe de participación</i>
<i>ELOYMAR, S.A.</i>	<i>55%</i>
<i>COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.</i>	<i>23%</i>
<i>TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.</i>	<i>22%</i>



Concello de Vigo

2º.- A modificación da composición da UTE producirá efectos unha vez que se formalice en escritura pública. Deberá entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao do seu outorgamento”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(367).- LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN E DENEGACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2020” PARA ALUMNADO DE 1º BACHARELATO. EXPTE. 24174/332.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/05/2022, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de marzo de 2020, adoptou o seguinte acordo: Aprobar as “Bases reguladoras e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixidas ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos”.

Incorpóranse ao presente expediente as actas da Comisión de Valoración de datas 16 de novembro de 2021 e 11 de maio de 2022, que promove este Servizo de Educación, correspondentes por unha banda: á proposta de resolución provisional do proceso de baremación das listaxes de seleccionados/as, suplentes e excluídos das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés Edición 2020”; e por outra banda, á proposta de resolución provisional das listaxes definitivas de alumnado de 1º de BACH seleccionado e excluído das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés Edición 2020”.

Todo elo, consonte co recollido na base novena da citada convocatoria “concesión e resolución das prazas”, que indica que unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan na convocatoria, o servizo municipal de educación, elevará unha proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, catro números aleatorios do DNI, puntuación obtida e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada ou denegada con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.

temporal da figura do persoal interino delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, e establecendo a obriga de velar por evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal e dos nomeamentos de persoal funcionario interino. A referida normativa preveu unha responsabilidade clara que recae sobre as persoas que teñen autorizada a contratación irregular ou que permita que unha contratación regular se teña convertida nunha irregular.

Así a DA 17^a do TREBEP, incorpora unha serie de medidas dirixidas ao control da temporalidade que se suman ás previstas na DA 43^a da Lei 6/2018, medidas de control que se refire no soamente ao nomeamento de funcionarios interinos senón tamén ao persoal laboral temporal:

- Determinación de que as administracións públicas serán responsables do cumprimento da Lei, velarán para que non se produza ningún tipo de irregularidade na contratación laboral ou nomeamentos interinos. Se intenta evitar os fraudes de lei e as irregularidades, e ademais pretenden limitar o recurso ao emprego temporal como forma de xestión xeneralizada.
- Nulidade de pleno dereito dos actos, pactos, acordos e disposicións regulamentarias que “directamente o indirectamente suponga el incumplimiento por parte de la Administración de los plazos máximos de permanencia como personal temporal.
- O incumplimento das obrigas legais darán lugar á esixencia de responsabilidades. A clave de esta disposición e que por primeira vez se introduce no noso ordenamento xurídico o establecemento dunha compensación económica polo incumplimento do prazo legal máximo de permanencia dos funcionarios interinos e o persoal laboral temporal. Agora ben su aplicación despreza a eficacia aos nomeamentos e contratos formalizados tras a entrada en vigor do Real Decreto 14/2021.

Esta medida, se suma á DA 43^a da lei 6/2018, Lei de Orzamentos xerais do Estado, prorrogada ata a nova Lei do ano 2021, e que xa establecera unha cláusula específica de vixencia indefinida, na que segundo o apartado quinto, supón un recoñecemento explícito da responsabilidade persoal do cumprimento da normativa en materia de contratación laboral temporal, que dará pie a exixencia de responsabilidades en cada Administración.

Tendo en conta a referida normativa, é preciso concretar o prazo máximo que un posto de traballo pode estar ocupado por unha mesma persoa traballadora en situación de temporalidade, polo que non se poden autorizar nomeamentos que podan supoñer un encadeamento, nin vulnerar o prazo de duración máxima de permanencia do persoal interino, algo que xa ven determinado legalmente.

A finalidade da inclusión do novo parágrafo nos criterios de xestión de listas é dobre, por unha parte reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, e evitando a posibilidade de producirse vulneracións dos prazos establecidos; e por outra banda, dotar dunha maior transparencia ao funcionamento das listas, incluíndo ese apartado nos criterios de xestión de listas de



Concello de Vigo

reserva para coñecemento de todos, apartado que por outra banda, xa se está incluíndo con carácter singular nas bases reitoras dos procesos selectivos para formación de listas de reserva de cada categoría.

II.- Fiscalización previa.

Ao non implicar gasto, o presente expediente non debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III.- Competencia.-

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas pola representación sindical de CCOO e introducir no punto II dos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de Emprego Público e convocatorias públicas de emprego (**Acordo de Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16/07/2021**), o parágrafo seguinte: **“en ningún caso se ofrecerán novos nomeamentos interinos nin contratos laborais temporais aos integrantes das listas de reserva que finalicen un período de interinidade baixo calquera modalidade (acumulación de tarefas, substitución, programa ou vacante), si o novo período pode supoñer un encadeamento ou vulnerar**

o prazo de duración máxima de permanencia do persoal interino”, quedando redactado o punto II do seguinte xeito:

“II.- DEREITOS DAS PERSOAS EN LISTA DE RESERVA

As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación.

A pertenza a unha lista de reserva unicamente xerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como persoal interino que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no marco normativo de aplicación en materia de selección de persoal interino, e que se concretan en:

a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.

b) A substitución transitoria dos titulares, establecéndose que nos casos de incapacidade temporal, redución de xornada, xubilacións parciais, maternidade ou paternidade, ou permisos a tempo parcial poderá nomearse persoal funcionario interino para cubrir a parte da xornada de traballo que non realice a persoa titular do posto.

c) A execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na normativa básica de aplicación, non podendo, en ningún caso, os ditos programas responder a necesidades permanentes da Administración.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo establecido legalmente. No presente suposto, operará a dita limitación temporal dentro dos nomeamentos que se realicen no mesmo subgrupo de titulación, aos efectos de garantir a adecuada rotación das listas de reserva.

Cando se proceda a provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) (neste caso, solo nos programas de duración inferior a tres anos) ou d) do citado artigo.



Concello de Vigo

En ningún caso se ofrecen novos nomeamentos a persoas que estean ocupando vacantes, nin programas de carácter temporal cunha duración prevista de tres anos, ata a cobertura ou amortización da vacante que ocupan, ou ata finalizar o programa.

Sen prexuízo do establecido anteriormente, se ofrecen os chamamentos que supoñan unha mellora de traballo (entendendo por mellora, nomeamentos para vacantes ou programas correspondentes a categorías superiores).

En ningún caso se ofrecerán novos nomeamentos interinos nin contratos laborais temporais aos integrantes das listas de reserva que finalicen un período de interinidade baixo calquera modalidade (acumulación de tarefas, substitución, programa ou vacante), si o novo período pode supoñer un encadeamento ou vulnerar o prazo de duración máxima de permanencia do persoal interino.

Unha vez ofrecido un nomeamento a un aspirante, e recibida a aceptación asinada polo mesmo, a persoa deberá ser nomeada no prazo máximo de dous meses. No caso de circunstancias sobrevenidas derivadas do servizo ao interese xeral, que impidan o nomeamento no prazo establecido, as cales deberán constar por escrito e ser incorporadas ao expediente; o aceptante poderá renunciar ao mesmo sen ser penalizado, e a Administración asume o compromiso de ofrecerlle o seguinte nomeamento, con carácter prioritario sobre os demais integrantes das lista.

As listas de reserva poderán ser utilizadas para o nomeamento de persoal laboral temporal, nos supostos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo servizo correspondente, resulte necesario recorrer á dita lista, seguindo idéntica tramitación que no caso da selección de persoal funcionario.”

Segundo.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal, Comité de Persoal para traslado aos sindicatos correspondentes, dispoñendo a súa inserción no Portal de transparencia e na Intranet municipal.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(370).- RECURSO INTERPOSTO CONTAR AS BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DAS BOLSAS DE EMPREGO DE

TÉCNICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, TÉCNICO DE XESTIÓN E AXENTES DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. EXPTE. 38906/220.

Dáse conta do informe-proposta do 10/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 17/02/2022, adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos de técnicos/as de prevención de riscos laborais, técnicos/as de xestión e axentes de igualdade de oportunidades. (BOPPO nº 61 de 29/03/2022)

II.- O día 04/05/2022 a Sra. Álvarez Prada en calidade de decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, interpón recurso de reposición contra o citado acordo, por entender que os titulados en psicoloxía deberían admitirse como aspirantes ao proceso selectivo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Único.- Admisión do recurso

En canto á **lexitimación** para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

En canto a lexitimación dos Colexios profesionais, es criterio xurisprudencial que: "*En el ámbito de los Colegios Profesionales, como es el caso ahora contemplado, debe indicarse que la Ley otorga a los Colegios Profesionales un papel esencial de ordenación del ejercicio de las profesiones, la representación exclusiva de las mismas y la defensa de los intereses profesionales de los colegiados, todo ello sin perjuicio de la competencia de la Administración Pública por razón de la relación funcional. De acuerdo a esta regulación legal, y si bien no es posible aceptar una limitación per se del interés de los Colegios Profesionales que excluya su defensa de los aspectos de la profesión implicados en la relación estatutaria del personal servicio de la Administración, la legitimación del Colegio Profesional no puede extenderse al de ejercitar las acciones en nombre de los profesionales colegiados en defensa de sus intereses individuales, ni tampoco el ordenamiento jurídico les otorga una legitimación expresa para la impugnación del resultado de los procesos selectivos en el ámbito de la función pública, en tanto que dicha legiti-*



Concello de Vigo

mación legal expresa únicamente se contempla en relación a las organizaciones sindicales más representativas en el vigente art. 36.6 del Estatuto Básico del Empleado Público.

Desde este punto de vista, se ha venido apreciando la legitimación de los Colegios Profesionales en el caso de impugnación de las relaciones de puestos de trabajo o sus modificaciones cuando la cobertura de determinados puestos se extiende o limita a determinados títulos académicos, al entender que esta impugnación afecta a los intereses de la profesión y contribuye al beneficio material y jurídico del colectivo cuyos intereses tienen encomendados los Colegios Profesionales, en tanto que se ha venido rechazando cuando impugna las resoluciones de los procedimientos selectivos en interés de algún o algunos colegiados en concreto". (STSX Cataluña de 24/11/2020)

No presente caso, enténdese lexitimado o Colexio recorrente por defender un interese colexial como é o de que a titulación en psicología sexa incluída nas Bases recorridas permitindo o acceso dos titulados como aspirantes ao proceso selectivo.

O **prazo** de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado.

Neste caso temos que o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión de 17/02/2022, polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos de técnicos/as de prevención de riscos laborais, técnicos/as de xestión e axentes de igualdade de oportunidades, foi publicado no BOPPO nº 61 de 29/03/2022.

Interposto o recurso o día 04/05/2022, está fora do prazo de un mes establecido no artigo 124 da referida lei 39/2015.

O artigo 116 da mesma Lei, no seu apartado d), establece como causas de inadmisión do recurso, o haber transcorrido o prazo para a interposición do recurso.

En atención ao exposto procede a inadmisión do recurso.

Non obstante indicar, que as titulacións incluídas nas Bases reitoras de todos os procesos selectivos, neste caso, -técnicos/as de prevención de riscos laborais, técnicos/as de xestión e axentes de igualdade de oportunidades-, veñen determinadas polas titulacións requiridas para o acceso ao posto de traballo de que se trate, contempladas na Relación de Postos de traballo vixente no Concello de Vigo.

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públi-

S. ord. 19/05/2022

cas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Inadmitir, de conformidade co informe que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso interposto polo Colexio Oficial de Psicólogos contra o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de 17/02/2022, polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos de técnicos/as de prevención de riscos laborais, técnicos/as de xestión e axentes de igualdade de oportunidades. (BOPPO nº 61 de 29/03/2022)

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(371).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ORQUESTRA VIGO 430, PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DO ANO 2022. EXPTE. 4365/330.

Visto o informe xurídico do 28/04/2022 e o informe de fiscalización do 11/05/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/04/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 11 de marzo do 2022, a “Asociación Orquestra Vigo 430” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do ciclo de concertos do ano 2022; por este motivo, con data 14 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 150.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un



Concello de Vigo

repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

*** FIN TEMPORADA 2021**

- "CONTOS DE FADAS": 13 Novembro de 2021 ás 20:00h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo

ENSEMBLE VIGO 430 + Sindy Mohamed (Viola)

Brahms: Sonata op.120 nº1 en Fa Menor para viola e piano.

Schumann: "Marchenerzahlungen" (Contos de fadas) Op.132 para clarinete, viola e piano.

-Mozart: Quinteto en Sol menor K.516

- "MÚSICA DE CINE": 15 DECEMBRO ás 20:00 h. Auditorio Municipal do Concello de Vigo

ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430 + Brais Gonzalez + Isabel Rubio (Directora)

Brais Gonzalez: "Música de Cine, Cinco Suites Temáticas"

-O cine mudo

-A época dourada: catro décadas de cine

-Maxia e Animación

-Ciencia e Ficción

-Greatest hits

*** TEMPORADA 2022**

1.- De Xaneiro a Maio 2022

- PROGRAMA I : 28 de XANEIRO ás 20:30 h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo

ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430 + ROSANNE PHILIPPENS (directora e solista)

Beethoven: Sinfonía nº3 Heróica

Brahms: Concerto para violín

- PROGRAMA II: 19 de FEBREIRO ás 20:00 h. Auditorio Municipal do Concello de Vigo

ENSEMBLE VIGO 430 - Música para quinteto de metais.

Ewazen: A western fanfare

Ewald: Quinteto nº4 en la bemol, op.8

Calvert: Suite from the Monterey Hills

Crespo: Suite Americana

- PROGRAMA III: 26 de MARZO ás 20:00 h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo

ENSEMBLE VIGO 430 + Alexandra Tirsu (violín) + Sindy Mohamed (viola)+ Maya Purdue (Piano)

Mozart: Dúo nº2 K.424

Mahler: Cuarteto con piano en La menor

Brahms: Sexteto nº2, op.36

- **PROGRAMA IV:** 30 ABRIL e 01 de MAIO ás 19:00 h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo
ORQUESTRA SINFÓNICAVIGO 430 + Isabel Rubio (directora)
Cine + música en familia: As aventuras do Príncipe Achmed
Proxección da película de Lotte Reiniger (1926) coa música de Brais González

- **PROGRAMA V:** 27 de MAIO ás 20:00 h. A determinar
ORQUESTRA BARROCA VIGO 430 + Lucie Horsch (fruta de pico) + Sophie de Bardonneche (concertino)
J.S. Bach: concerto en la menor BWV 1041
Vivaldi: concerto de L'Estro Armonico nº8 RV 522
Vivaldi: concerto para frautín RV 444
Telemann: Suite en la menor TWV 50:a3
G. Sammartini: concerto para fruta en fa maior

2.- CICLO DE OUTONO 2022

- **PROGRAMA VI:** 29 de OUTUBRO ás 20:00 h. A determinar
ENSEMBLE VIGO 430 + DUO GRIMM
Felix Mendelssohn: octeto en si bemol maior, op.20
A determinar.

Todo isto en función da situación sanitaria e dentro das limitacións establecidas polas autoridades sanitarias por mor do COVID.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 153.000 € (cento cincoenta e tres mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 3.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social



Concello de Vigo

- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 4 de abril do 2022.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos 2022, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Orquestra Vigo 430” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar previsto nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos 2022, figurando na aplicación **3340.489.00.08** do

orçamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 150.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 150.000 € (cento cincuenta mil euros) á “Asociación Orquestra Vigo 430”, CIF. G27743475, para o financiamento do ciclo de concertos 2022 organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do ciclo de concertos 2022.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430”, PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DO ANO 2022

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, titular do DNI 36.087.498-S, na súa condición de presidente da “Asociación Orquestra Vigo 430” (CIF: G-27743475) (en adiante a



Concello de Vigo

ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Fragoso núm. 31, 9º B, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da “**ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430**”, a cantidade de 150.000 euros.*

*IV.- Que a “**ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

S. ord. 19/05/2022

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o CICLO DE CONCERTOS DO ANO 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 153.000 € (cento cincoenta e tres mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 3.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

*** FIN TEMPORADA 2021**

- "CONTOS DE FADAS": 13 Novembro de 2021 ás 20:00h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo

ENSEMBLE VIGO 430 + Sindy Mohamed (Viola)

Brahms: Sonata op.120 nº1 en Fa Menor para viola e piano.

Schumann: "Marchenerzahlungen" (Contos de fadas) Op.132 para clarinete, viola e piano.

-Mozart: Quinteto en Sol menor K.516

- "MÚSICA DE CINE": 15 DECEMBRO ás 20:00 h. Auditorio Municipal do Concello de Vigo

ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430 + Brais Gonzalez + Isabel Rubio (Directora)

Brais Gonzalez: "Música de Cine, Cinco Suites Temáticas"

-O cine mudo

-A época dourada: catro décadas de cine

-Maxia e Animación

-Ciencia e Ficción

-Greatest hits

*** TEMPORADA 2022**

1.- De Xaneiro a Maio 2022

- **PROGRAMA I** : 28 de XANEIRO ás 20:30 h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo

ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430 + ROSANNE PHILIPPENS (directora e solista)

Beethoven: Sinfonía nº3 Heróica

Brahms: Concerto para violín

- **PROGRAMA II**: 19 de FEBREIRO ás 20:00 h. Auditorio Municipal do Concello de Vigo

ENSEMBLE VIGO 430 - Música para quinteto de metais.

Ewazen: A western fanfare



Concello de Vigo

Ewald: Quinteto nº4 en la bemol, op.8
Calvert: Suite from the Monteregeian Hills
Crespo: Suite Americana

- **PROGRAMA III:** 26 de MARZO ás 20:00 h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo
ENSEMBLE VIGO 430 + Alexandra Tirsu (violín) + Sindy Mohamed (viola)+ Maya Purdue (Piano)

Mozart: Dúo nº2 K.424
Mahler: Cuarteto con piano en La menor
Brahms: Sexteto nº2, op.36

- **PROGRAMA IV:** 30 ABRIL e 01 de MAIO ás 19:00 h. Auditorio Martin Codax – CSM Vigo
ORQUESTRA SINFÓNICAVIGO 430 + Isabel Rubio (directora)
Cine + música en familia: As aventuras do Príncipe Achmed
Proxección da película de Lotte Reiniger (1926) coa música de Brais González

- **PROGRAMA V:** 27 de MAIO ás 20:00 h. A determinar
ORQUESTRA BARROCA VIGO 430 + Lucie Horsch (fauta de pico) + Sophie de Bardonneche (concertino)

J.S. Bach: concerto en la menor BWV 1041
Vivaldi: concerto de L'Estro Armonico nº8 RV 522
Vivaldi: concerto para frautín RV 444
Telemann: Suite en la menor TWV 50:a3
G. Sammartini: concerto para fauta en fa maior

2.- CICLO DE OUTONO 2022

- **PROGRAMA VI:** 29 de OUTUBRO ás 20:00 h. A determinar
ENSEMBLE VIGO 430 + DUO GRIMM
Felix Mendelssohn: octeto en si bemol maior, op.20
A determinar.

Todo isto en función da situación sanitaria e dentro das limitacións establecidas polas autoridades sanitarias por mor do COVID.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. María Alonso.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da

S. ord. 19/05/2022

actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (150.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



Concello de Vigo

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa



Concello de Vigo

por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
 6. Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da

factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 e 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2022

A) INGRESOS

- Subvención do Concello de Vigo	6.000 €
- Cuotas dos Amigos da Fundación	2.200 €
TOTAL	8.200 €

B) GASTOS

- XERAIS	
o Conferenciantes	1.500 €
o Comisariados e labores técnicos relacionados.....	750 €
o Xestión de exposicións e deseño de elementos....	2.000 €
o Aluguer de servizos técnicos.....	3.450 €
o Gastos de representación e administrativos.....	500 €
TOTAL	8.200 €

19(374).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9485/336.

Visto o informe xurídico do 12/05/2022 e o informe de fiscalización do 13/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 12 de marzo de 2021, aprobou o expediente para a contratación da prestación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 7 de maio de 2021, acordou Adxudicar a SERVIPLUSTOTAL, S.L. (B-70.019.294) o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336) coas seguintes condicións:

O prezo total do contrato é de 126.885,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.535,00 euros.



Concello de Vigo

Comprométese á realización de 4 cursos (20h. cada curso) de formación para o persoal do servizo de acordo cos requisitos sinalados no apartado 7.B.2.1 do Anexo I -FEC- do PCAP. Propón a realización de 5 actividades (5 en cada centro) especiais de animación infantil con espectáculo realizadas por persoal externo en ambos centros sen custe adicional para o Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- No apartado 4C das FEC, establécese que o contrato constará de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas .

Cuarto.- Con data 2 de xuño de 2021 foi asinado o contrato nos seguintes termos:

“SERVIPLUSTOTAL,S.L. comprométese á prestación do servizo de organización,xestión e execución do programa de dinamización infantil con estricta suxeición aos pregos de cláusulas técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

2. O prezo do contrato é de cento vinte e seis mil oitocentos oitenta e cinco euros, IVE incluído (126.885,00.-).

3.- O pagamento do prezo do contrato aboarase conforme ó establecido no apartado 11 das FEC do prego de condicións administrativas.

4.- O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do mesmo. Están contempladas dúas prórrogas de un ano cada unha.”

Quinto.- Consta no expediente a retención de crédito 202200004851 por importe de 68.441,00 € polo período 03/06/2022 - dec 2022 (agosto non) para a tramitación da 1ª prórroga do contrato.

Sexto.- O importe do contrato para o período 01/01/2023 – 02/06/2023 ascende a 58.444 € .

Séptimo.- Incorpórase ao expediente solicitude presentada pola empresa adxudicataria “SERVIPLUSTOTAL,S.L. solicitando a prórroga do contrato .

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Segundo.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar por un ano *CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9171/336*, polo período dun ano contado dende o 3 de xuño de 2022 ata o 2 de xuño de 2023, toda vez que os traballos durante o primeiro ano desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria e tamén, por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos de idade.

Procede a primeira prórroga do mesmo, nas mesmas condicións e características aprobadas e expostas nos antecedentes do presente informe proposta e no referido expediente 9171-336.

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- “Prorrogar dende o 03 de xuño de 2022 e ata o 2 de xuño de 2023 o contrato *do SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9171/336*,

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de cento vinte e seis mil oitocentos oitenta e cinco euros, IVE incluído (126.885,00 €) correspondente a primeira prórroga do contrato *do SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9171/336*, dos cales 68.441,00 € corresponden ao período 03/06/2022 - dec 2022 (agosto non) e 58.444,00 € ao período 01/01/2023 – 02/06/2023 con cargo á partida presupostaria 3370.2279900 e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(375).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN: LOTES 4,5,6,7 E 9. EXPTE. 9475/336.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 09/05/2022 e o informe de fiscalización do 10/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 27/04/2022, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 16 de maio de 2019 acordou:**

1.- Adxudicar á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA o **lote 6** “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.
- b) Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

2.- Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. o **lote 7** “Verán con temáticas artísticas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.
- b) Propón a realización de 3 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 4 persoas con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

3.- Adxudicar a MR. PICWICK SCHOOL, S.L. o **lote 9** “Verán en inglés” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.
- b) Propón a realización de 2 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 23 de maio de 2019** acordou:

1.- “Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) os **lotes 4 e 5** do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

Lote 4 Verán na praia I:

a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

Lote 5 Verán na praia II:

a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

Terceiro.- Con data **14/06/2019** foi asinado o contrato con UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA para o lote 6.

Cuarto.- Con data **27/06/2019** foi asinado o contrato con BARAFUNDA, S.L. para o lote 7.

Quinto.- Con data **28/06/2019** foron asinados os contratos con DANIELA ALVITE WAISMAN, para os lotes 4 e 5.

Sexto.- Con data **12/06/2019** foi asinado o contrato con MR. PICWICK SCHOOL, S.L. para o lote 9 .

Sétimo.- Con data **28 de maio de 2020** a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar a 1ª PRORROGA PARA A CONTRATACIÓN DOS LOTES 4,5,6,7 E 9 e o correspondente gasto total de 83.226,54€ con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.

Oitavo.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 22 de abril de 2021**, adoptou o acordo de aprobar a **2ª PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN DOS LOTES 4,5,6,7 E 9 no ano 2021. EXPTE. 9197/336.**

Noveno.- En data **14 de xuño de 2021** a xefa do servizo de Xuventude solicita o inicio dun expediente de modificación dos Lotes 4, 5 e 6 deste contrato por mor do incremento de custes de persoal orixinado polo cumprimento das medidas impostas pola normativa do COVID.

Décimo.- En data **17 de xuño de 2021** a xefa do servizo de Xuventude corrixe o seu informe para adaptalo á ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo aclara que “A presente orde non contradí ao recollido na anterior orde do 28 de maio de 2021 que se



Concello de Vigo

recollía no anterior informe deste servizo xestor, posto que mantén o traballo con grupos burbulla de 10 nenos e nenas/monitor, razón pola que non afecta ao incremento de monitores proposto na presente modificación de contrato, podendo manterse o trámite de audiencia realizado coas empresas adxudicatarias do mesmo”.

Undécimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **24 de xuño de 2021**, adoptou o acordo de “MODIFICACIÓN DOS LOTES 4, 5 e 6 DO CONTRATO PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS” Expte. 6625/241.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Segundo.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar por **terceiro ano** o contrato para a prestación dos servizos para os **“CAMPAMENTOS DE VERÁN . LOTES 4,5,6,7 e 9.”** para o ano **2022:**

- Atendendo as modificacións necesarias das súas características ante a continuidade da incidencia da COVID-19 e da necesidade de non baixar a garda das medidas de prevención e de adaptalas do mesmo xeito que durante o verán de 2021, posto que seguen producíndose contaxios.

- Toda vez que os traballos durante a primeira e segunda prórroga desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria e tamén, por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos de idade.

Procede a terceira prórroga do mesmo, nas mesmas condicións e características aprobadas durante a segunda prórroga do ano 2021 e expostas nos antecedentes do presente informe proposta e nos referidos expedientes.

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- “Prorrogar coas mesmas características e duración, para o **ano 2022** os contratos de:

- **Lote 4 “Verán na Praia I”**, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 20.324,26 euros, ive incluído.
- **Lote 5 “Verán na Praia II”**, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 20.324,26 euros, ive incluído.
- **Lote 6 “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais”**, adxudicado a UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA por un prezo total do lote de 19.546,79 euros, ive incluído.
- **Lote 7 “Verán con temáticas artísticas”** adxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, ive incluído.

* **Lote 9 “Verán en inglés”**, adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, ive incluído.

SEGUNDO.- SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente ao Lote 4 “Verán na Praia I”, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 20.324,26 euros, ive incluído.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente ao Lote 5 “Verán na Praia II”, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 20.324,26 euros, ive incluído.

CUARTO.-Aprobar o gasto correspondente ao Lote 6 “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais” adxudicado á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA, por importe de de 19.546,79 euros, ive incluído.

QUINTO.- Aprobar o gasto correspondente ao Lote 7 “Verán con temáticas artísticas” adxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, ive incluído.

SEXTO.-Aprobar o gasto correspondente ao Lote 9 “Verán en inglés”, adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, ive incluído.

SÉTIMO.-Aprobar o gasto total de 89.373,45 € correspondente á prórroga dos contratos de Campamentos de Verán, para o ano 2022 dos lotes 4,5,6,7,9 con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás adxudicatarias e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(376).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN: LOTES 1, 2 E 3 “CAMPAMENTOS NÁUTICOS”. EXPTE. 9474/336.

Visto o informe xurídico do 12/05/2022 e o informe de fiscalización do 13/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/05/2022, asinado pola técnica medio de Actividades Culturais e Educativas xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de abril de 2019, adoptou o acordo de “Declarar desertos os Lotes 1,2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos campamentos de verán 2019” (Expte 8752-336).

Segundo.- O 4 de xuño de 2019 a XGL acordou:

“(…) Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) coas seguintes condicións:

- Lote 1 VERÁN NÁUTICO I:

- a) O prezo total do lote 1 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

- Lote 2 VERÁN NÁUTICO II:

- a) O prezo total do lote 2 é de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

S. ord. 19/05/2022

- Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO:

- a) O prezo total do lote 2 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT”.

Terceiro.- Con data **28 de xuño de 2019** foron asinados os contratos con TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 expediente 8814-336 Procedemento aberto para a contratación de campamentos náuticos.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de maio de 2020**, adoptou o acordo de aprobar a **1ª PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN**, EXPTE.(9064/336.) e adxudicados a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **6 de maio de 2021**, adoptou o acordo de aprobar a **2ª PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN, LOTES 1,2,3 “CAMPAMENTOS NÁUTICOS”**, para o ano 2021. EXPTE. 9219/336.

Sexto.- En data 14 de xuño de 2021 a xefa do servizo de Xuventude solicita o inicio dun expediente de modificación dos lotes 2 e 3 deste contrato por mor do incremento de custes de persoal orixinado polo cumprimento das medidas impostas pola normativa do COVID.

Sétimo.- En data **17 de xuño de 2021** a xefa do servizo de Xuventude corrixe o seu informe para adaptalo á ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo aclara que *“A presente orde non contradí ao recollido na anterior orde do 28 de maio de 2021 que se recollía no anterior informe deste servizo xestor, posto que mantén o traballo con grupos burbulla de 10 nenos e nenas/monitor, razón pola que non afecta ao incremento de monitores proposto na presente modificación de contrato, podendo manterse o trámite de audiencia realizado coas empresas adxudicatarias do mesmo”*.

Oitavo.- Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **24 de xuño de 2021**, adoptou o acordo de **“Modificación do contrato dos Lotes 2 e 3 do contrato de servizos de programación e execución dos campamentos de verán Náutico e Mariñeiro 2019.**(expte. 6627/241)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous



Concello de Vigo

meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Segundo.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar por **terceiro ano** o contrato para a prestación dos servizos para o **CAMPAMENTOS DE VERÁN. LOTES 1,2,3. "CAMPAMENTOS NÁUTICOS"** para o ano **2022**:

- Atendendo as modificacións necesarias das súas características ante a continuidade da incidencia da COVID-19 e da necesidade de non baixar a garda das medidas de prevención e de adaptalas do mesmo xeito que durante o verán de 2021, posto que seguen producíndose contaxios.

- Toda vez que os traballos durante a primeira e segunda prórroga desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria e tamén, por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos de idade.

- **Procede a terceira prórroga do mesmo**, nas mesmas condicións e características aprobadas durante a segunda prórroga do ano 2021 e expostas nos antecedentes do presente informe proposta e nos referidos expedientes (9219-336, 6627-241).

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo**:

PRIMEIRO.- "Prorrogar coas mesmas características e duración, para o ano 2022 os contratos de:

- **Lote 1 Verán Náutico I**, adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L por un importe de 23.126,45 euros, ive incluído.
- **Lote 2 Verán Náutico II**, adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L por un importe de 40.967,74 euros,ive incluído.
- **Lote 3 Verán Mariñeiro** adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L por un importe de 26.638,97 euros, ive incluído.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de **90.733,16€** correspondente á prórroga dos contratos de Campamentos Náuticos de Verán para o **ano 2022**, lotes 1,2,3, a favor de TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L, , con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación".

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás adxudicatarias e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(377).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS CAMPAMENTOS DE VERÁN: LOTE 10 “CAMPAMENTO CON PERNOCTA VIGOZOO”. EXPTE. 9473/336.

Visto o informe xurídico do 09/05/2022 e o informe de fiscalización do 10/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 06/05/2022, asinado pola técnica medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do **28 de febreiro de 2019** a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019.

Segundo.- O **16 de maio de 2019** a Xunta de Goberno local acordou:

“[...] Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

Terceiro.- A Xunta de goberno Local en sesión de **29 de maio de 2020** acordou **modificar** o contrato do lote 10 para realizar os reaxustes que permitan o desenvolvemento da actividade de campamentos ante as medidas derivadas da crise sanitaria da pandemia do COVID19 nos termos que constan no informe da Xefa do servizo de xuventude de 20 de maio de 2020 e que supón unha diminución do importe total do contrato de 2.044,33 euros (IVE incluído).

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **5 de xuño de 2020**, adoptou acordar a **primeira prórroga** do contrato modificado do Lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019. (Expte. 9078-336)



Concello de Vigo

Quinto.- En consecuencia o **CAMPAMENTO “VERÁN EN VIGOZOO 2020”** organizouse do seguinte xeito:

1. “Estrutura: 4 quendas de en xornada de mañá de 7:45 a 15:30 h, cun Incremento de 25 días de campamento (10 días por quenda).
Horario: de 7:45 a 15:15 cada día.
2. Número de participantes: 52 x 4 quendas = 208.
3. Medios persoais: o 1 Director de tempo libre o 5 monitores/as de tempo libre (xornada completa), dos cales 1 con especialización medioambiental o 1 monitor/ra de tempo libre (media xornada) o Cambio: 1 vixilante de atención nocturna por 1 monitor/ra de tempo libre (media xornada). A xustificación ven dada por completar a xornada e reforzar as necesidades preventivas de participantes.
4. Servizo de manutención para todo o campamento: suprimir. Non é recomendado nin viable a súa prestación
5. Saída en autobús: suprimir para evitar riscos por non poderse manter o distanciamento.

- O orzamento do proxecto adaptada á nova organización resúmese en:

a) Prezo total: 31.775,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.177,21 euros, o que supón un prezo total do lote de 34.952,73 euros.

b) Táboa salarial aplicada por categorías profesionais: manter a orixinal, que fai referencia a unha xornada de tempo completo sen pluses de horas extras nin de nocturnidade. o Coordinador proxecto (Director Tempo Libre): 1.445,41 o Técnico/a especialista: 1.391,87 o Monitorado de Tempo Libre: 1.124,21.

c) Desenglobe do orzamento:

o Equipamento (mantense)	2.190,00
o Persoal	24.699,37
o Gastos de material (reforzo material funxible para desinfección de materiais, adquisición de xel hidroalcolico +600,00).....	1.800,00
o Servizo de manutención (suprimido: -12.924,00).....	0,00
o Servizo de desprazamento (suprimido: -600,00).....	0,00
o Gastos de xestión (ampliación seguro accid. e gorras: +531).....	2.007,00
o Beneficio empresarial (mantense).....	1.078,84
SUBTOTAL sen IVE	31.775,21
-10% IVE	3.177,52
-TOTAL.....	34.952,73
- DIFERENCIA COA LICITACIÓN (36.997,06€).....	-2.044,33 €”

Sexto.- Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 22 de abril de 2021**, adoptou o acordo de aprobar a **segunda prórroga** do contrato modificado do lote 10 “Campamento con pernoita en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Segundo.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar por **terceiro ano** o contrato para a prestación dos servizos para o **“Campamento Vigozoo”** para o ano **2022:**

- Atendendo as modificacións necesarias das súas características ante a continuidade da incidencia da COVID-19 e da necesidade de non baixar a garda das medidas de prevención e de adaptalas do mesmo xeito que durante o verán de 2021, posto que seguen producíndose contaxios.

- Toda vez que os traballos durante a primeira e segunda prórroga desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria e tamén, por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos de idade

- **Procede a terceira prórroga do mesmo**, nas mesmas condicións e características aprobadas durante a segunda prórroga do ano 2021 e expostas nos antecedentes do presente informe proposta e nos referidos expedientes (6480-241 e 9198-336).

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“PRIMEIRO.- Prorrogar por terceiro ano o contrato modificado correspondente ao lote 10 “Campamento en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) por un importe total: 31.775,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.177,21 euros, o que supón un prezo total do lote de **34.952,73** euros adxudicado a **XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L.**

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente á terceira prórroga do contrato modificado correspondente ao Lote 10 (6480-241) e (9198-336), por un importe de 34.952,73 euros con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta para declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo. Expte. 20868/240.
- .- Expediente de contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos de Actividades de Verán 2022. Expte. 9486/336.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

23(378).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DO VIGO. EXPTE. 20868/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/05/2022 asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Área (RA 10/05/2022), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

S. ord. 19/05/2022

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (20.868-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (expediente 20.868-240), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea o 15 de abril de 2022 e no perfil de contratante o 18 do mesmo mes, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de maio.

Terceiro.- Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral deste Concello de data 18 de maio de 2022, non se presentou ningunha proposición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Aberta a licitación do procedemento aberto do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo non se presentou ningunha proposición, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 18 de maio de 2022, polo que compre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento aberto aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (20.868-240) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(379).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ACTIVIDADES DE VERÁN 2022. EXPTE. 9486/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 16/05/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 10 de maio de 2022 dende a Concelleira de Xuventude iníciase expediente 9485-336 para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 1.460 prazas de actividades de verán 2022 xustificándose a necesidade e idoneidade Incorporáanse ao citado expediente a memoria xustificativa así como o prego de condicións técnicas e memoria económica.

Constitúe obxecto deste contrato a programación e execución de 1.460 prazas de actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais,e outras que poidan estar vinculadas á temática de actividades vacacionais.

O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con múltiples criterios de adxudicación e a tramitación urxente con división en lotes.

Para a execución deste contrato establececese os seguintes LOTES:

LOTE 1: CAMPAMENTO URBANO I.- 11-22 de xullo. 250 participantes.

LOTE 2: CAMPAMENTO URBANO II.-01-12 de agosto.450 participantes.

S. ord. 19/05/2022

LOTE 3: VERÁN EN COIA.- 27/06- 08/07 , 11-22/07, 26/07 - 05/08, 08- 19/08, 22/08- 02/09). 5 quendas 50 participantes = **250 participantes**

LOTE 4: VERÁN NO BERBÉS.- 27/06- 08/07 , 11-22/07, 26/07 - 05/08. 3 quendas 50 participantes = **150 participantes**

LOTE 5: VERÁN EN SAMIL.- (22 de agosto-2 de setembro). **50 prazas**

LOTE 6: VERÁN EN NAVIA.- 22/08-02/09. **65 prazas**

LOTE 7: LUDOTECA EN VIGOZOO.- 27/06-01/07, 04/07-08/07, 11/07-15/07, 18/07-22/07, 01/08-05/08, 08/08-12/08, 22/08-26/08). 7 quendas de 35 participantes = **245 prazas.**

11. ORZAMENTO BASE LICITACIÓN: 108.900 €

12. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 99.000 euros.

13. ANUALIDAD CON IVE ANO 2022: : 108.900 euros.

14. PARTIDA PRESUPUESTARIA: 3370.227.9912 “Campamentos de Verán” LOTES 1,2,3,4,5,6 e 7 por importe de 108.900,00 € dos cales 66.983,01€ serán con cargo a REM 2021 e 41.916,99 € con cargo ao orzamento 2022.

O expediente será preceptivo que sexa informado favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

Por todo elo , **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

“1º.- Autorizar o gasto de 99.000 euros, correspondente ao valor estimado do contrato do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 1.460 prazas de actividades de verán 2022 , calculado descontando o 10% IVE ao orzamento base de licitación e para todo o período do contrato, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 1.460 prazas de actividades de verán 2022.

O orzamento para o ano 2022 será de 108.900 euros, que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.9912 “Campamentos de Verán” LOTES 1,2,3,4,5,6 e 7 por importe de 108.900,00 € dos cales 66.983,01€ serán con cargo a REM 2021 e 41.916,99 € con cargo ao orzamento 2022. coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:

	LOTES	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO CON IVE
	LOTE 1	19.672,53 €	10% IVE	21.639,78 €
LO	LOTE 2	34.142,88 €	10% IVE	37.557,16 €
LO	LOTE 3	18.042,29 €	10% IVE	19.846,52 €
	LOTE 4	10.825,37 €	10% IVE	11.907,91 €
LO	LOTE 5	3.608,45 €	10% IVE	3.969,30 €
	LOTE 6	4.196,87 €	10% IVE	4.616,56 €
LO	LOTE 7	8.511,61 €	10% IVE	9.363,00 €



Concello de Vigo

IMPORTE TOTAL 8 LOTES=99.000,00 € + IVE =108.900,00 €

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 16 de maio para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 1.460 prazas de actividades de verán 2022 , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 10 de maio.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(380).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez